



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 09 DE MARZO DE 2015.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente

D. JOSÉ MANUEL FREIRE COUTO(PP)

Concelleiros/as

D. M^a CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GARCIA GONZALEZ(PP)

D.^a MIRIAN PRIETO VALDES (PP)

D. JOSE A. DO OLMO CONGIL (PP)

D.^a NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. JULIO DOMINGUEZ PATO (PP)

D. XOSÉ CARLOS VALCÁRCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

D.^a VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D.^a MARIA PRESAS DE PRADO (PSdeG-PSOE)

D^a M^a ÁNXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PÉREZ (BNG)

Ausentes:

D. XOSÉ MANOEL FÍRVIDA PLAZA (BNG)

Secretario Xeral

D^a Silvia Alonso Fernández

Interventora de fondos

D^a. Eva García Fernández

No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 12:00 horas do día 09 de marzo de 2015 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario xeral , Silvia Alonso Fernández

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



PARTE RESOLUTIVA:

1- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

O sr. Alcalde toma a palabra: Bos días a todas e a todos, comezamos entón con este Pleno.

A sra. González toma a palabra (BNG): Eu quería simplemente darvos as grazas a todos os membros da Corporación Municipal e os traballadores do Concello polo afecto recibido estes días, e tamén polo ramo, de parte de min e da miña familia.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Pois dito iso, pasamos ó primeiro punto da orde do día que é a aprobación da acta do 12 de xaneiro de 2015, que tendes copia todos.

O sr. Núñez toma a palabra (BNG): Imos ver, quixera manifestar neste momento antes de iniciar o Pleno, que seguimos vivindo outra demostración máis dos períodos máis autoritarios do Partido Popular de Barbadás, obrigándonos con unha ordenanza que aprobaron aquí a instancia de parte a rexistrar mocións quince días antes dos plenos, mocións que en moitas ocasións pois efectivamente perden aquela urxencia para o que deberan ser debatidas, é dicir, despois aparecen cuestións que deberan traer a Pleno pero como temos que rexistralas con quince días de antelación, efectivamente non podemos, ten que quedar para dous meses despois, pois polo tanto non ten sentido despois vir a debater aquí mocións algunhas. En todos os Concello incluso na Deputación, sempre se rexistran e sempre se defenden ata o día do Pleno e non pasa absolutamente nada, aquí entendemos que debéranse permitir polo menos ata o día das Comisións Informativas, por outro lado apuntar que efectivamente pois o día dos plenos ordinarios aínda que está apuntado efectivamente que ten que ser o primeiro luns do mes correspondente, de cada mes impar, neste caso pois non sucede o mesmo, se pasa ó segundo luns do mes, por tanto o noso voceiro non pode asistir a este Pleno porque ten cuestións a nivel laboral que tivo que resolver coa antelación precisa e polo tanto non pode estar hoxe nesta sesión ordinaria. Dicar en definitiva que con vostedes un non sabe a que aterse.

O sr. Valcárcel toma a palabra (PSdeG-PSOE): Creo que existe un regulamento é certo que foi aprobado por aprobado por vostedes, polo Partido Popular en solitario e que marca unhas pautas, unhas datas para celebrar un Pleno, neste caso, neste caso concreto, neste Pleno que celebramos hoxe tiveren eu que chamar á Secretaria en reiteradas ocasións, ou dúas polo menos para preguntarlle cal era a data, e solicitei que por favor nos informara con antelación de cando se ía a postergar un Pleno, entón non é de recibo que nós teñamos que presentar unhas mocións cun prazo determinado para que despois o Pleno se postergue sen sabelo ós grupos da oposición, sen sabelo os grupos da oposición,



vostedes seguramente que teñen un calendario feito das súas actividades que nos parece moi ben pero nós necesitamos saber tamén cando se vai celebrar o Pleno, se se posterga se é por causa xustificada, pois haberá que asumilo porque ó fin e o cabo é o Alcalde o que decide sobre o funcionamento dun Pleno e sobre tamén, sobre cando se celebran, pero que se nos avise, porque despois estamos apremados á hora de elaborar as mocións e de presentalas, e despois resulta que se posterga o Pleno unha semana, non é xusto, nin de recibo, nin democrático.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben tomamos nota do dito. Ben, entón, feitas as exposicións, pasamos ó primeiro punto como dicía antes que é a aprobación da acta, xa teñen copia, e se alguén quere alegar algo este é o momento, e senón entendo que se somete a votación. Votos en contra da acta, abstencións. Entón entendo que se aproba por unanimidade.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: **“Aprobación da acta do 12 de xaneiro de 2015”.**

2- RENUNCIA DUNHA CONCELEIRA.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ó segundo punto que é a renuncia dunha Concelleira, presentou María Presas loxicamente a solicitude de renuncia, e como ela está presente pois lle pasamos a palabra, indubidablemente para que ela expoña os seus motivos e os seus argumentos con respecto ó tema este.

A sra. Presas toma a palabra (PSdeG-PSOE): Antes de comezar quería dar as grazas a todos os membros da Corporación que me mostraron o seu apoio e me animaron a que hoxe estivera aquí sentada aínda que só sexa por un pequeno espazo de tempo, dous minutos nada máis. En primeiro lugar teño que dicir, que nestes case catro anos como Concelleira no Concello de Barbadás, fixen o meu labor o mellor que puideron intentando sempre aportar ideas e facer unha oposición construtiva, pero sobre todo fixeno sempre pensando nos veciños e veciñas de Barbadás. En segundo lugar quería dar as grazas ós veciños e veciñas de Barbadás que fai catro anos decidiron depositar a súa confianza no Partido Socialista de Barbadás do que eu formaba parte dende hai máis de dez anos, hoxe pola tarde presento a miña baixa como militante, máis de dez anos depositando toda a miña confianza nos Socialistas de Barbadás, traballando polo partido máis ou menos segundo os tempos para tentar acadar un Barbadás mellor, por todo este tempo adicado, e por toda esa confianza depositada nos meus compañeiros considero que non hai cousas das que non me teño que decatar na rúa, e menos aínda non poden tolerar que se me pida que deixo os meus principios a un lado, iso nunca, de aí ven a miña



renuncia baseada en motivos persoais, para acabar coas especulacións non ten nada que ver se o posto é máis arriba ou máis abaixo, se subo ou se baixo, exclusivamente é pola decepción persoal que me levei cos meus compañeiros de partido. Sen máis, darvos as grazas a todos os traballadores do Concello, á Corporación Municipal por apoiarme e animarme a que hoxe viñera ata aquí, cando outros daban por feito que non acudiría. Non teño nada máis que dicir, e co permiso do Alcalde gustárame abandonar o Salón de Plenos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Nós simplemente en nome da Corporación loxicamente agradecer como é lóxico os servizos prestados a todos os veciños e á Corporación como Concelleira e como persoa, e que quedamos á enteira disposición dende o punto de vista persoal e político para o que realmente necesites.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Simplemente dar as garzas polo seu traballo, polo seu esforzo, pola súa adicación e polo seu compañeirismo.

O sr. Núñez toma a palabra: Dende o BNG tamén agradecerlle á compañeira María Presas o seu traballo de oposición demostrado durante estes anos, e desexarlle pois sorte na vida, nas tarefas que se nas que se encamiñe a continuación nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Queda aceptada a renuncia.

3- PETICIÓN DE APERTURA DUN EXPEDIENTE DE HONRA.

Este punto queda retirado da orde do día

4- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA QUE O CONCELLO DE BARBADÁS MELLORE A LIMPEZA, O ALUMEADO PÚBLICO E HABILITE PASOS DE PEÓNS DA RÚA COTELMA.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos o punto 4 que é a moción do Partido Socialista para que o Concello de Barbadás mellore a limpeza e alumeado público, e habilite pasos de peóns na rúa Cotelma. Ten a palabra o seu voceiro ou a súa voceira.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Os edificios da Rúa Cotelma, son os únicos da Valenzá que teñen soportais, foron entregados e habitados a partir desde o ano 2004. A veciñanza que vive na zona leva xa dez anos polo tanto, soportando uns graves problemas de sucidade, de fortes cheiros e incluso de insalubridade, provocado polos cans e mascotas que campan as súas anchas polo entorno. Nos días de choiva é cando a situación se convirte en insoportable, xa que veciños e veciñas de diversas zonas da



Valenzá traen as súas mascotas para que fagan as necesidades a cuberto, converténdose os soportais no que vulgarmente e comunmente lle chaman “mexódromo” do Concello de Barbadás. Hai días que se xuntan á vez e nun só momento, ata catro cans campando a súas anchas, ben sexa con ou sen arnés. O Grupo Socialista é sabedor de que esta situación xa foi denunciada pola veciñanza da Rúa Cotelma nun escrito presentado no Concello o 17 de xuño do 2010, é dicir, hai preto de 5 anos, dende aquelas a situación non mudou en todo caso mudou a peor. A veciñanza demanda que o grupo de goberno do PP tome medidas axeitadas para atallar definitivamente estes feitos de xeito que se elabore unha ordenanza que desenvolva a actual lexislación autonómica prohibindo que os propietarios dos animais utilicen esta zona de soportais evitando así situacións incómodas, insalubres e que atentan contra a hixiene e a estética urbanas. A lexislación actual permite sancionar por non recoller os excrementos sólidos das mascotas. Pero hai que deixar claro que desde o Concello nin se vixía nin se sanciona a ninguén. Esta situación vai estreitamente vinculada á falla de campañas de sensibilización e concienciación por parte do Goberno Municipal do PP en relación a fomentar actitudes cívicas por parte dos propietarios das mascota, non se dan instrucións ós membros da Policía Local, máis digo as instrucións non só nin claras nin existen, e quero subliñar que hai Concellos gobernados polo PP, como pode ser o de Ferrol, incluso saíu nos medios de comunicación non haberá nin dous meses, no que se elaborou unha ordenanza na que se contemplan sancións para comportamentos incívicos pero que antes da súa entrada en vigor houbo unha importante campaña sensibilizadora por parte da administración na que a Policía Local xogou un importante papel avisando e alertando á cidadanía que paseaba mascotas da próxima entrada en vigor da nova lexislación, e cal era o contido da mesma, e ra unha lexislación, ou é unha lexislación, unha ordenanza que se sanciona afortunadamente previo a toda esa entrada en vigor dos elementos sancionadores, si que hai unha campaña informativa. En Barbadás a ausencia de interese por este asunto queda probado polo feito de que se instalaren expendedores de bolsas que o pouco tempo xa estaban baleiros, e algún destes expendedores incluso funcionaban mal, ata creo que escoitei en algún momento de que se ían a substituír, hai seis ou sete meses que se instalaren e parece ser que se van a empezar a substituír. Os veciños e veciñas da urbanización consideran que é fundamental, (digo escoite non sei se é verídico a iso poderán responder vostedes ó longo do debate, falo do que sei ou do que escoitei, non afirmo rotundamente) que se prohiba o uso dos soportais polas mascotas por motivos tan básicos coma os da saúde e a hixiene, máis tendo presente que na mesma rúa está situada unha das zonas verdes máis frecuentadas polos cativos de toda A Valenzá. Sendo fundamental fomentar actitudes cívicas entre a veciñanza,



tamén hai que reseñar que esta situación tamén está moi vinculada a actuación dos servizos de limpeza do Concello que deberían de prestar unha especial atención a aquelas zonas que están máis afectadas por esta situación, non é a única, o que pasa é que esta é máis asidua esta situación porque está a cuberto. Das fotos que se aportan, que son moi evidentes, aínda que no que é a moción a impresión que se fai non se ven con claridade, apréciase que é unha situación perfectamente lamentable, eu voullas pasar ós compañeiros que as queiran ver, para que se aprecie cal é a realidade do entorno, a esta moción resulta evidente que no referente a limpeza viaria non lle dan importancia á situación que se está producindo nos soportais da Rúa Cotelma. As queixas da veciñanza tamén fan referencia á situación do alumeadado público: o Concello instalou directamente nos teitos e paredes da urbanización unhas pantallas de tubos fluorescentes de luz branca que son os que habitualmente se empregan nos interiores de baixos e naves industriais. Este tipo de luz e a súa situación atraen ós insectos o que provoca que os teitos estean cheos de manchas de xeito que o estado dos mesmos e as paredes sexa lamentable. Esta instalación realizouse no seu día sen contar coa opinión dos veciños e veciñas, ó rematar a construción da urbanización, os soportais quedaron sen luz, instalándose as pantallas antes citadas e o subministro eléctrico para alimentalas realízase mediante instalación de cables negro á vista sobre paredes brancas. O coherente houbera sido instalar unhas farois semellantes ás que existen xa colocadas na mesma rúa, na outra beirarrúa, que son farois de ferro fundido. Pero existen máis anomalías neste viario. Actualmente están instalados sobre a calzada da Rúa Cotelma catro redutores de velocidade do tipo “lombo de asno prefabricado” que incumpren a normativa vixente dado que segundo a mesma só se permite o seu uso en travesías. Ademais a moratoria para a substitución dos xa instalados rematou o 31 de outubro do ano pasado. En toda a Rúa Cotelma non existen pasos de peóns excepto para dar continuidade ás beirarrúas no cruce coa Avda. de Celanova. Os únicos pasos de peóns que existen nesta rúa, e vostedes saben perfectamente que ten forma de U, pois os únicos pasos de peóns están nos dous cruces coa avenida de Celanova, iso é absolutamente triste e lamentable. No Grupo Municipal Socialista consideramos que deben eliminarse as actuais bandas pasando a ser substituídas por dous pasos de peóns sobreelevados que poden ser colocados á altura dos dous accesos á cafetería situada sobre a Casa da Xuventude. De este xeito cúmprese coa normativa vixente e dótase á zona dos pasos de peóns dos que actualmente carece. Destacar tamén que fronte á citada cafetería hai una instalación deportiva moi frecuentada o que abonda na instalación dos pasos peonís sobreelevados. É dicir a proposta que facemos é para que se coloque unha a cada lado da U de xeito que se cubra o espazo que hai enfronte á zona deportiva da Solaina, por un lado, e por outra banda a



saída cara as escaleiras da cafetería que non hai ningún. Para o Grupo Socialista resulta totalmente sorprendente cunha rúa de preto de 200 metros de lonxitude careza de pasos de peóns en todo o seu percorrido, cando acabo de dicir que nas súas inmediacións que son utilizadas por cativos e cativas con moita frecuencia, unha proba máis da falta de previsión do Partido Popular e que se traballa sen ningún tipo de estudo previo de necesidades. O goberno do señor Freire e da señora Vispo acaban de gastar case cen mil euros en cubrir de grava miúda sen ton nin son boa parte do Concello. O destino deses cartos houbera sido moito máis efectivo se se houberan feito unha análises de necesidades previo que contemplaran carencias reais como son as que se expoñen nesta rúa. Por todo o anteriormente exposto propoñemos a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Prohibir que os soportais sexan utilizados polos donos dos cans mediante a instalación duns paneis de “Prohibido cans”; incrementar a vixilancia sobre a zona para que se cumpra a normativa; proceder á limpeza en profundidade da beirarrúa dos soportais eliminando todos os restos de excrementos, sucidade e manchas que estes provocan; desinfectar a zona afectada; substituír os actuais puntos de luz branca por outras farois semellantes ós do resto da rúa; eliminar os lombos prefabricados e instalar dous pasos peonís sobreelevados que cumpran coa normativa, e de feito estase estudando unha nova normativa por parte do Ministerio de Fomento. E aquí quéro lle facer unhas consideracións ó señor Alcalde ou a quen sexa responsable desta área. Primeiro: ¿existe un rexistro de animais perigosos neste Concello?, gustaríame que se respondera, nese rexistro debería figurar un informe da Policía Local, un informe psicolóxico do propietario, o nome do propietario e do comprador e do vendedor e ademais constatar feacemente que existe un seguro de responsabilidade civil, porque en A Valenzá, concretamente en A Valenzá hai unha gran proliferación de mascotas de tipo perigoso e que non cumpren coa normativa, entón é imprescindible que ese rexistro se existe empece a funcionar, e senón existe se poña en funcionamento, pois queremos saber datos, xa que existe, se nos podían facilitar algún dato estatístico porque proliferan pitbull, dogos arxentinos, todo tipo de mascotas perigosas, e non momento en que haxa un problema todos quedaremos sinalados, principalmente vostedes que son os que dirixen este Concello, gustaríame ter respostas a estas cuestións.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, ten a palabra o voceiro do BNG.

O sr. Núñez toma a palabra: Ben, por empezar polo final da intervención do voceiro socialista, dicir que o BNG a este respecto presentou iniciativas hai varias lexislaturas ao respecto de esta incidencia, de crear o rexistro de animais perigosos, onde se verificara pois efectivamente que teñen un seguro



acaído que teñen unhas medidas de seguridade no seu desprazamento, na súa estancia, nas súas vivendas, etc, e efectivamente esperamos que seas resposta e que isto pois se reconduza porque está claro que a situación no é acaída temos falado en varias ocasións. Ó respecto da moción que trae o PSOE, pois apuntar que dende o BNG temos indicado sempre, posto encima da mesa que efectivamente hai unha necesidade imperiosa de realizar unha programación de obras, unha programación da melloras dos distintos viarios municipais, onde se debera de reincorporar todo cun orzamento plurianual nos que foran desenvolvendo aquelas actividades, aquelas obras, ou aquelas melloras que fosen estudadas con antelación e que foran urxentes, e que foran pouco a pouco facendo e resolvendo as cousas con criterio, aquí o que se vai facendo é pouco máis que tapando buratos cando chega a campaña electoral, é a política do Partido Popular, tápame aquí, tápame alí, pero programación de nada non existe, en absoluto. Recentemente puidemos ver como pois en Sobrado por exemplo pois se pintan pasos de peóns onde non compren, cámbianse as sinalizacións das rúas nos cruces, a veciñanza pois non sabe ó que aterse porque o que ata o de agora era un ceda, agora é un stop, agora teño preferencia agora deixo de, é dicir, é todo pois un sen sentido na xestión. Por apuntar unha cuestión máis, é dicir, efectivamente aquí é todo puro electoralismo, é dicir, acabas de apuntar que efectivamente pois acaba de salpicar grava miúda por distintas rúas do Concello, unha capa de rego asfáltico para tapar a grava miúda que o único que se fai pois é encher os rexistros de grava e non facer absolutamente nada, é dicir, cando se fai unha obra hai que facela co criterio debido e con empresas que realmente sexan competentes para facer este tipo de xestión, “traemos la brigadita da Deputación, hacemos la chorrada de turno” e con iso nos lavamos a cara, e eu creo que hoxe a xente afortunadamente empeza a darse conta de que ese non é o xeito de facer política, é dicir, non é o xeito de afrontar a realidade e resolver as obras, as cuestións pertinentes. Eu teño apuntado en moitas ocasións por exemplo obras como se fixeron no seu momento o que fixo o equipo de goberno do Concello de Ourense na entrada á Finca Fierro, onde se pode ver unha obra que leva anos aí, onde se fixo un fresado do seu firme, onde se asentou efectivamente todo, e onde é algo que se pode mirar e leva aí anos e aí está, e nós o que facemos simplemente é ala tapar buratos aquí, salpicar grava minúda e facer absolutamente nada, é dicir, é un sen sentido. Saíndome un pouco, na travesía do Viso por exemplo, continúa, se acaba de reformar, de botar a grava miúda na rúa do Viso, e na travesía do Viso xusto na esquina onde están o convento das monxas, segue figurando un poste de madeira, non no medio da rúa pero case, é dicir, eu non sei que hai que facer para que iso non se vexa, é dicir, cando o temos traído aquí en moitas e moitas ocasións. En definitiva dicir que efectivamente estamos de



acordo coa moción do PSOE, das melloras que propón para a rúa Cotelma pero eu creo que efectivamente temos que pensar tamén en conxunto no resto do Concello fuxir, aínda que esta é unha moción puntual para esta rúa, preo fuxir un pouco do minimalismo, e pensar que efectivamente este tipo de actuacións tamén hai que acometelas no resto das rúas do Concello, sobre todo nomeadamente na parroquia de A Valenzá que é onde pois máis casos se dan destas cuestións, pero que efectivamente en este momento pois se trae para esta rúa en particular, e que entendemos que efectivamente pois se deban levar adiante, e efectivamente esas campañas informativas de sensibilización, ese parque de cans que se ten posto enriba da mesa e que de momento non se concretou en nada, e o parque dos cans pois son un pouco todos depende da hora do día, e que en definitiva estamos de acordo coa moción que nos trae hoxe o PSOE.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ben, pois nós dicir que imos tomar nota de todas estas deficiencias que di, pero loxicamente imos votar en contra, porque nós vamos primeiro imos pedir uns informes técnicos correspondentes tanto da luz, coma dos pasos, coma da área de xardíns, e onde se estime oportuno tomar medidas loxicamente, pois se van a tomar, pero primeiro imos pedir uns informes técnicos sobre a situación de cada un dos problemas que vostede expón aquí na moción, pero de entrada loxicamente non lle podo dicir que si, sen coñecer a fondo os informes técnicos correspondentes e tomamos nota, e tomaremos nota tamén para poder modificar todo aquilo que indubidablemente sexa necesario.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Ben, pois eu teño unha serie de consideracións, unha preguntas inicialmente, ó remate da intervención do señor Alcalde respondera a elas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Con relación ó rexistro de animais pois si me di que efectivamente

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pero nese rexistro de animais perigosos consta un informe da Policía Local, un informe psicolóxico da persoa propietaria, consta o comprador, o vendedor, se existe seguro de responsabilidade civil ou non.

O sr. Alcalde toma a palabra: Consta o que di a ordenanza, o que pide a ordenanza.

O sr. Valcárcel toma a palabra: E hai algún dato estatístico que nos indique cantos animais perigosos están rexistrados aquí, se teñen chip, se non teñen chip. Despois haberá que verificar se esa documentación que se aporta se axusta o que se precisa para ese animal, non se lle dará autorización sen ningún sen verificación, non se lle da ningún tipo de

O sr. Alcalde toma a palabra: É un rexistro como di a palabra, non é unha autorización.



O sr. Valcárcel toma a palabra: Pero o rexistro tería que constar unha documentación mínima a aportar.

O sr. Alcalde toma a palabra: O que di normativa da ordenanza.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Non temos ningún dato estatístico sobre o tema, ¿non?, sobre cantos animais perigosos hai. Pregunto porque existe unha proliferación de mascotas perigosas que eu creo que se deben ter en consideración a efectos de previsión tanto de traballo da Policía Local como dos servizos propios do Concello. Entón neste momento pido que se me informe, neste momento pido por escrito se me informe, cantos animais perigosos existen rexistrados no Concello de Barbadás, nese rexistro. Fóra diso, ¿vaise colocar algún tipo de panel que indique prohibido cans nesa rúa?, ¿váiselle pedir ó servizo de limpeza do Concello que actúe con máis intensidade sobre esa rúa?

O sr. García toma a palabra (PP): O servizo de limpeza limpa, e está baldeando cada pouco tempo os soportais.

O sr. Valcárcel toma a palabra: A proba de que non se baldea, de que non se limpa, está nas fotografías.

O sr. García toma a palabra: As fotografías cóllense un momento dado.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Non, as fotografías non están collidas nun momento dado.

O sr. García toma a palabra: Eu dígoche que están baldeando, e a xente sabe ben que están baldeando cada pouco.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Manuel, a xente da fe de que non, porque eu falei cos veciños, e dirixíronse a min, entón dou fe porque eu non presento unha moción sen máis, eu falei cos veciños, preocupeime por estar con eles, preocupeime por informarme, e non hai ningún tipo de vixilancia máis intensa nesa zona, que si que a merece precisamente por estar a cuberto, e non hai unha limpeza adicional sobre o resto, porque esas manchas que se perciben e que se aprecian perfectamente nas fotografías non son dun momento concreto, acumúlanse, entón non hai ese control por parte da Policía Local, nin por parte tampouco esa intensidade por parte dos servizos de limpeza. Entón evidentemente non é priorizar unha zona sobre outra, nin moito menos, pero si que hai que intensificar o traballo e ser previsores naquelas zonas onde son máis proclives a que haxa estas circunstancias, e iso é o que reclaman os veciños, iso non é dun momento concreto a día de hoxe, marzo, febreiro do 2015, aquí consta e teño un escrito presentado polos veciños do entorno, xa no 2010, hai cinco anos, entón non se tomaron medidas, e iso é o que reclaman.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, ten a palabra o voceiro do BNG.



O sr. Núñez toma a palabra: En definitiva dicir que efectivamente pois este baldeo se fai que non dubidamos que ó mellor nalgún momento se faga, pero efectivamente as fotos demostran que isto non é cuestión nin dun día nin de dous, isto é que levan meses e meses aí evidentemente, e o baldeo pois efectivamente ó mellor hai que facelo tamén con máquinas como é debido, cunha máquina a presión, con produtos de limpeza precisos, que efectivamente desinfecten e poñan a rúa e estes soportais en perfecto estado, e despois efectivamente pois continuar coas campañas de sensibilización, cos carteis prohibitivos que efectivamente pois fagan reconducir a situación e que o tema se normalice, porque senón evidentemente en quince días volvemos a estar na mesma situación.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, pois entón votos a favor da moción, votos en contra. Moi ben pois pasamos cos votos en contra do Partido Popular, queda rexeitada a moción.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitado cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e os votos en contra do PP o seguinte acordo: “**Moción do PSdeG-PSOE para que o Concello de Barbadás mellore a limpeza, o alumeadado público e habilite pasos de peóns na rúa Cotelma**”.

5- MOCIÓN DO BNG PARA DEMANDAR A MELLORA NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CORREOS EN BARBADÁS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos á moción número 5, que é a moción do BNG para demandar a mellora na prestación do servizo de correos en Barbadás. Ten a palabra a súa voceira ou o seu voceiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Correos é o provedor público de servizos de comunicación de cartas e de paquetería que presta un servizo postal universal, baixo os supostos de eficiencia, calidade e sustentabilidade. Polo seu carácter público, convértese nun actor fundamental nas relacións da cidadanía coas administracións públicas e coas empresas, tal e como recollen a *Lei postal 43/2010, de 30 de decembro* (artigo 24) ou a (artigo 21).

En numerosos lugares da Galiza veciños e veciñas denuncian os atrasos inxustificábeis na entrega do correo postal que están a deixar en evidencia a nefasta atención do servizo postal, unha situación que se agrava no medio rural do noso país.

As demoras superan máis de quince días e afectan de xeito xeneralizado o rural galego, mais resultan moito máis grave nas áreas metropolitanas das cidades, vilas ou concellos máis grandes.



As razóns deste atraso está nas condicións extremas en que desenvolven a súa actividade os traballadores e as traballadoras deste servizo. Os cadros de persoal foron reducidos considerabelmente por non cubriren os postos vacantes por xubilacións, baixas por enfermidade, etc. O goberno do Estado español aplica a Galiza ratios de poboación sen ter en conta a dispersión poboacional do medio rural galego, ademais de teren traballadoras e traballadores que facer o servizo utilizando transporte propio e levar unha importante carga de traballo e peso.

A pasividade do goberno ao non cubrir as prazas vacantes no servizo de correos, así como por non dotar o cadro de persoal dos medios necesarios para desenvolver adecuadamente o seu traballo, está a provocar unha situación de tensión entre traballadoras e traballadores e unha gravísima deterioración do servizo, como xa se puxo de manifesto nas denuncias feitas por veciños e veciñas afectadas.

Barbadás, cunha poboación real superior ás 12.000 persoas, conta cun servizo de correos deficitario. A carga de traballo que acumulan os/as traballadores/as de correos imposibilitan que os repartos se poidan facer de maneira eficiente.

No noso concello a situación no rural non é allea a estes problemas. No mes de novembro do ano pasado houbo moitas dificultades para prestar o servizo como a lei indica, é dicir, 5 días á semana de reparto, e varias empresas que prestan servizos en Barbadás xa teñen mostrado o seu descontento co reparto do correo.

A estes problemas súmanse as queixas dos propios/as traballadores/as de correos polo mal sinalizadas que están as rúas, a mala numeración das mesmas, nomenclatura confusa ou deficiente sinalización.

Por riba aínda hai que engadir que A Valenzá comparte código postal con barrios de Ourense (O Couto e a Carballeira) o que dificulta aínda máis o reparto e ten causado non poucos problemas.

Polo exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado a adopción de medidas tendentes a restabelecer a lamentábel situación do servizo postal no noso concello e garantir o reparto na periodicidade adecuada.

Así mesmo, demandar a cobertura de vacantes nos cadros de persoal de Correos para resolver os problemas que se producen diariamente no servizo postal do noso concello.

Solicitar á Dirección Territorial de Correos que Barbadás conte cun centro de reparto de correos, como sucede en outros concellos con moita menos poboación.



Demandar ao Presidente de Correos e Telégrafos que Barbadás conte cun código postal específico en todo o seu territorio.

Organizar o envío dun mailing a toda a veciñanza informando do enderezo postal completo: rúa, numeración e código postal.

Trasladar o presente acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do goberno do Estado español e aos grupos parlamentares do Parlamento galego.

O sr. Núñez toma a palabra: O BNG trae aquí hoxe esta moción querendo apuntar en primeiro lugar, que efectivamente hai moitos lugares de Galiza nos que a súa veciñanza denuncia atrasos na entrega do correo postal, algo que se agrava moito máis no rural do noso País, estes atrasos son a veces de máis de quince días. O que se fai dende o servizo provincial de correos, neste caso aquí na provincia e ir reducindo cada vez máis os cadros de persoal, non se cobren as vacantes por xubilación, o que se fai en definitiva é amortizar esa praza, amortizar esa vacante, e digamos a carga de traballo desa praza imporlla ó carteiro limítrofe, polo tanto máis carga de traballo pero o servizo en detrimento. Tampouco se cobren cando hai baixas, cando hai enfermidades. O Goberno en definitiva, o Goberno do Estado, o Goberno do señor Rajoy ten que pensar, senón isto non é efectivamente entendible, que xeograficamente Galiza non é igual que Valencia, poño por caso, só por facer un apunte, o noso País Galiza ten sobre trinta mil parroquias, o resto do Estado sesenta mil, entón polo tanto esta dispersión xeográfica debera ser tido en conta á hora como un claro feito diferencial para digamos pór en marcha estes servizos e que efectivamente pois un carteiro en Valencia que chega e entrega, se baixa catro ou cinco veces do seu vehículo, da súa moto, para entregar unha documentación que aquí que ten que dar duascenas mil voltas para non facer un servizo nunca acaecido, pola dispersión xeográfica existente, polo o que acabo de apuntar, pero para o Goberno do Estado ancha é Castela, aquí café para todos e evidentemente non é así, é dicir, é un feito diferencial claro que acabamos de apuntar. Quixera salientar aquí tamén que efectivamente hai traballadores do servizo postal de correos que utilizan un transporte propio, e levan unha carga importante de traballo e de peso, isto conleva pois un deterioro manifesto na calidade do servizo, é unha situación de tensión entre o cadro de persoal que moitas veces ve como non pode desenvolver o seu traballo de xeito debido. Pois o BNG trae aquí esta moción para mellorar en definitiva tamén este servizo no Concello de Barbadás. O noso Concello conta con unha poboación real de máis de 12.000 habitantes, e o “modus operandi” por exemplo en parroquias como a de A Valenzá, pois é digamos deixar unha traballadora a primeira hora da mañá cargada con non sei cantos fardos de correspondencia para que



reparta polas distintas rúas, e efectivamente non é este non da, non chega. Os recortes no cadro de persoal son evidentemente, na parroquia de A Valenzá por exemplo pasouse de anos ha de ter tres carteiros e medio a ter dous na actualidade, é dicir iso é o progreso do Partido Popular, son recortes e máis recortes que inflúen necesariamente, pois nunha, nun servizo que cada vez é máis deficitario, pasamos de tres e medio a dous. No mes de novembro do pasado ano houbo moitos problemas no reparto, e efectivamente houbo varias empresas locais que manifestaron o seu descontento ó servizo provincial de correos, se a isto engadimos as queixas dos traballadores polo mal sinalizadas que están as rúas, pola mala numeración das mesmas, e miren o BNG non nos vale que se nos diga nunha Comisión Informativa como a do pasado xoves, que a culpa é dos veciños, que os veciños teñen que retomar os enderezos nos distintos organismos, non, aí ten que estar efectivamente o Concello para regularizar esta situación e solventar esta problemática, isto resólvese pois tamén en definitiva e se vai a mellor e resolver cos acordos que trae a moción hoxe a aquí o BNG, habería algunha cuestión máis a apuntar como pode ser o tema dos códigos postais, que A Valenzá pois comparte con varios barrios da cidade o que supón outro problema engadido, ¿de acordo?. Vou a ler os acordos da moción que é o que pretendemos que se aprobe hoxe aquí en Pleno para mellorar como digo este servizo. Temos que entender que efectivamente haberá cuestións que non son estritamente competencia municipal pero que si que efectivamente o Concello pode poñer en marcha medidas para mellorar este tipo de cuestións, entón o primeiro acordo sería: Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado a adopción de medidas tendentes a restabelecer a lamentábel situación do servizo postal no noso Concello e garantir o reparto na periodicidade adecuada. Así mesmo, punto dous, demandar a cobertura de vacantes nos cadros de persoal de Correos para resolver os problemas que se producen diariamente no servizo postal do noso Concello. Vai aquí algún punto que son máis estritamente que ten que ver co tema local que sería solicitar á Dirección Territorial de Correos que Barbadás conte cun centro de reparto de correos, como sucede en outros concellos con moita menos poboación. Demandar, punto catro, ao Presidente de Correos e Telégrafos que Barbadás conte cun código postal específico en todo o seu territorio. Punto cinco, organizar o envío dun mailing a toda a veciñanza informando do enderezo postal completo: rúa, numeración e código postal, e punto sexto trasladar o presente acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do goberno do Estado español e aos grupos parlamentares do Parlamento galego.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Socialista.



A sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Moitas grazas. Todos sabemos que os servizos públicos non parecen interesarlle moito ó Partido Popular, xa teñen dado moitas mostras diso, iso é unha evidencia, e melloralos moito menos, porque canto mellor funcionen máis posibilidades e máis argumentos teñen de, canto peor funcionen máis posibilidades e máis argumentos teñen de entregarllos a empresas privadas. Ese ven sendo o esquema que se repite cando goberna o Partido Popular. O servizo de correos non é alleo ás consecuencias da crise nin os intentos privatizadores do Partido Popular, podo falar da situación dos traballadores de correos porque hai persoas na miña familia que traballan no ramo, pero non é cuestión de detallar carencias, deficiencias, problemas, etc..., porque xa o fai perfectamente o Bloque Nacionalista Galego na súa moción. Temos interese sen embargo señor Alcalde, en destacar que unha vez máis comprobamos que o falar do mal funcionamento dun servizo público o goberno de Freire non quere asumir nin un chisco, nin a máis mínima responsabilidade nin o máis mínimo grado de culpa, os culpables sempre lle son os veciños, se non se instalan bocas de rego nos pobos, é porque os veciños esnaquizan todo, se non hai ordenanza de animais domésticos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Perdón, eu nunca dixen iso.

A sra. Morenza toma a palabra: Vostede dixo que non instalaba bocas de rego porque nalgunha ocasión se tiñan roto polo incivismo dos veciños, iso ó mellor consta en acta.

O sr. Alcalde toma a palabra: Nunca dixen nada, porque de feito están instaladas.

A sra. Morenza toma a palabra: Si busco nas actas, se non hai ordenanzas de animais domésticos, é porque a veciñanza é incívica, non hai parque para cans porque a ordenanza é incívica, se non se substitúen as papeleiras é porque a cidadanía as rompe, e agora se non funciona, por non falar das farois que non se substitúen ou se substitúen por papeleiras, e agora se non funcionan como é debido o servizo de correos é porque os veciños non poñen ben a dirección señor Alcalde, é que parece case unha tomadura de pelo, por favor gobernen, asuman as súas responsabilidades, cumpran as súas funcións e demostren que teñen vocación de servizo público, que é o que se nos pide a todos por estar sentados aquí, e que teñen ilusión por mellorar a sociedade na que viven, ilusión e traballo. Os problemas vinculados ó servizo de correos teñen varias fronteas abertas, é dicir, varias porcentaxes de participación nalgún grado de culpa. O goberno de Freire ten que velar para que se preste nas debidas condicións e reunirse cos responsables para reclamar que se preste axeitadamente, e avisar á veciñanza que se trata de colaborar en aras dun mellor servizo, avisar á veciñanza non virnos agora con que os veciños poñen mal a dirección señor Alcalde, non ten que agardar a que unha proposta do



Bloque Nacionalista Galego lle faga acender as luces de alarma, agora que o Bloque presentou a moción vai emprender unha campaña ó longo e ancho de todo o Concello para paliar as deficiencias, máis vale tarde que nunca, vaino dicir hasta na misa, pero tivo que ser o BNG o que presentara a moción.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non tivo que ser o BNG, que xa estábamos niso.

A sra. Morenza toma a palabra: Hasta agora non se dixo na misa.

O sr. Alcalde toma a palabra: Xa tivemos tres reunións co director de correos.

A sra. Morenza toma a palabra: Ben, outra parte da responsabilidade téñena as empresas que a pesar das reiteradas chamadas da veciñanza para cambiar os datos, teiman ás veces en manter a dirección persistente, os veciños chaman ás empresas para cambiar os datos, pero a empresa non se sabe por que, se é por unha cuestión dun programa informático ou non, non cambia os datos, entón o veciño moitas veces fai todas as xestións oportunas para que se cambien os datos pero non é posible, e moi pouca culpa, moi pouquiña téñena os veciños e veciñas, que non dan asimilado tantos cambios no código postal, moitos cambios nos últimos anos no código postal, no número da vivenda, no nome da rúa, porque esa é a misión de vostedes dos responsables municipais, dos que están gobernando, informar dos cambios activamente, con campañas efectivas de información, vostedes din que lle deixaron a todos un papeliño na caixa do correo, está claro que non funcionou, ou non se lle deixou en todos os domicilios, porque senón non pasaría o que está pasando. O que está claro é que os traballadores e traballadoras de correos non teñen a culpa tampouco, nin de que as baixas non se cubran nin de que o servizo teña que ser deficitario por implantación de medidas de aforro, nin tampouco teñen a culpa dos sucesivos cambios de destino no posto de traballo, coas dificultades que iso supón á hora de coñecer os barrios, as rúas, as nomenclaturas, e incluso os costumes da veciñanza. E por último dicir que o Grupo Socialista ten moito interese tamén en que o servizo de correos funcione correctamente e se corrixa as deficiencias, unha mostra diso é que hai varios meses fixemos unha xestión ante correos para que se evitara a veciñanza nunha zona de Piñor de desprazamentos innecesarios a Ourense porque para recoller unha carta certificada, porque sen previo aviso alguén de correos evidentemente tivo a xenial idea de cambiar o punto de recollida de A Valenzá a Ourense. E finalmente a petición do Partido Socialista foi atendida e mantívose a situación tal e como estaba, para que vexa que nós tamén estamos interesados en que funcione tamén facemos as nosas xestións como grupo político, e como responsables que somos, e porque temos vocación de servizo público.



O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, pois nós como estamos de acordo ca moción vámoslle votar a favor, independentemente que como xa dixen na Comisión Informativa e o reitero aquí levamos feito xestións co director de correos levámonos reunidos xa tres ocasións para planificar, darlle difusión ás medidas de mellora con relación ós veciños, porque parte, obviamente parte desta mellora tamén lle corresponde ós veciños que é o das direccións, poñer ben as direccións, as outras partes que vostedes reflicten aquí no acordo, nós estamos de acordo, entón nós imos a votar en contra, a favor digo.

O sr. Núñez toma a palabra: Ben, dicir que vostede se leva reunido tres veces, poderase ter reunido cen, pero é que me da igual, é dicir, o que está claro é que xestión e mellora non se ven enriba da mesa, por iso trae o BNG esta proposta aquí, seguen dicindo que estaban niso, vostedes é que o final están niso, están en todo e non están en nada, levan vinteseis anos ou vinte e moitos anos estando en nada. Si se lle ocorre deixar o papeliño na caixa de correos, o que hai que facer son campañas, os puntos que trae aquí a moción, un envío dun mail a toda a veciñanza, e efectivamente pois crear ese centro de reparto de correos na localidade en Barbadás, que pois nos dea unha importancia e realmente mellore pois a calidade do servizo, que o que ten que ser.

A sra. Morenza toma a palabra: Só lle vou facer unha pregunta moi breve, sobre a moción do BNG, ¿se verdadeiramente vostede ve a necesidade de cambiar o código postal?, se se vai facer algo nese sentido.

O sr. Alcalde toma a palabra: Vámosllo suxerir, vámoslle suxerir os acordos loxicamente.

A sra. Morenza toma a palabra: Suxerir ou esixir claro, porque todo cambia.

O sr. Alcalde toma a palabra: Entendemos que sería útil cambiar o código postal efectivamente. Pois entendo que votamos todos a favor entón.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

“Moción do BNG para demandar a mellora na prestación do servizo de correos en Barbadás: Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado a adopción de medidas tendentes a restabelecer a lamentábel situación do servizo postal no noso concello e garantir o reparto na periodicidade adecuada.

Así mesmo, demandar a cobertura de vacantes nos cadros de persoal de Correos para resolver os problemas que se producen diariamente no servizo postal do noso concello.

Solicitar á Dirección Territorial de Correos que Barbadás conte cun centro de reparto de correos, como sucede en outros concellos con moita menos poboación.



Demandar ao Presidente de Correos e Telégrafos que Barbadás conte cun código postal específico en todo o seu territorio.

Organizar o envío dun mailing a toda a veciñanza informando do enderezo postal completo: rúa, numeración e código postal.

Trasladar o presente acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do goberno do Estado español e aos grupos parlamentares do Parlamento galego.”

6- MOCIÓN DO BNG SOBRE A TARIFA ELÉCTRICA GALEGA E AXUDA PARA LOITAR CONTRA A POBREZA ENERXÉTICA.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ben, pasamos ó seguinte punto que é o punto número 6 que é unha moción do BNG sobre a tarifa eléctrica galega para axuda a loita contra a pobreza enerxética. Ten a palabra a súa voceira ou o seu voceiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu Produto Interior Bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial.

A pesar desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxico dos seus recursos enerxéticos. Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de centro subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico e nos xacementos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construción de dous ciclos combinados de gas natural.

ANO	ENERXÍA EXPORTADA
2001	46,0%
2002	37,7%
2003	41,9%
2004	38,0%
2005	26,9%
2006	32,0%
2007	33,0%
2008	25,5%
2009	37,1%
2010	37,1%
2011	30,2%
2012	40,0%
2013	<i>O INEGA aínda non publicou os datos</i>



A potencia instalada fan de Galiza unha exportadora neta de electricidade como se pode comprobar na seguinte táboa:

Porén, e a pesar de que a xeración eléctrica leva aparelados uns moi importantes custos sociais e medioambientais, Galiza non tirou proveito desta actividade económica. Ao contrario, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado español, ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, nunca recibiu vantaxes do aproveitamento dos seus recursos, mesmo sofre en amplas zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica. No que atinxé á homénea política tarifaria, hai que subliñar que a tarifa eléctrica que se paga en Galiza inclúe peaxes de solidariedade interterritorial, como é o caso dos custos extrapeninsulares (Canarias, Baleares, Ceuta e Melilla) que, no ano 2013, foron de 1.800 millóns de euros, cantidade pagada vía tarifas eléctricas.

No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única, prexudicial para Galiza ao tratar por igual aos consumidores dos distintos territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Porén, na nova Lei do Sector 24/2013, cuestiónase esa tarifa única, non con base nesas razóns de poder compensar vía tarifa os territorios que sofren os prexuízos ambientais de produciren enerxía, senón para penalizar as CCAA que impoñan impostos ambientais, ao recollese a posibilidade –aínda sen desenvolver, da creación de suplementos territoriais onde houber impostos propios á actividade eléctrica (como en Galiza). Isto é, queda aberta a posibilidade a que en Galiza paguemos aínda a electricidade máis cara por termos actividade de xeración no propio país. Como dicíamos, fica totalmente pechada calquera posibilidade de termos unha tarifa propia que nos permita ter vantaxes en función de sermos un país produtor de enerxía, como acontece en diversos estados europeos onde existen tarifas diferenciadas por territorios.

Neste sentido, Galiza debe demandar unha tarifa máis baixa (unha redución nas peaxes do 30%), para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e, tamén, para posibilitar o seu crecemento industrial.

A política sobre a tarifa eléctrica do Estado é un exemplo de despropósitos, agravado pola filosofía da reforma enerxética aprobada en 2014 polo PP que se asenta na premisa de considerar a enerxía eléctrica como un ben de consumo ordinario, suxeito exclusivamente á libre competencia e ao poder do reducido oligopolio de empresas eléctricas, no canto de considerar a electricidade un ben básico para a calidade de vida da persoas e do desenvolvemento económico, que debería estar intervindo polo



sector público e vetado a especulacións e negocios abusivos. Todo isto provoca que as tarifas eléctricas no Estado español sexan as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre 30 estados europeos.

Isto débese a dúas cuestións. A primeira, as peaxes ou custos fixos do sistema, porque nelas se recollen cantidade de conceptos que non deberían estar soportados pola tarifa eléctrica, entre eles: custos extrapeninsulares, primas de capacidade, primas carbón español, moratoria nuclear, primas renovábeis, etc., partidas que debería estar nos orzamentos do Estado español. Sería máis xusto fiscalmente e rebaixarían o prezo final da tarifa eléctrica.

Tamén é relevante o prezo da electricidade no mercado maiorista (ou pool), que retribúe do mesmo xeito –sempre ao prezo da máis cara, a todas as tecnoloxías de xeración que funcionan en cada hora do día, sen distinguir os custos reais de produción, o que provoca uns hiperbeneficios para determinados sistemas, en concreto a hidráulica e a nuclear, o que provoca unha suba artificial dos prezos.

O último exemplo desta errática política enerxética é a situación creada respecto de grandes consumidores en Galiza, grandes empresas situadas no noso país por ser a súa actividade dependente da electricidade que, durante anos se viron sometidas a continuos cambios regulatorios ditados desde Madrid, sen contar para nada cos intereses do país. Desde a supresión en 2009 da tarifa G4, que era específica para empresas como ALCOA, até a regulación do sistema de interrompibilidade, cuxo sistema de poxa anual implantado polo PP desde finais de 2013, a través da nefasta reforma eléctrica, supón un modelo perverso pola súa cadencia anual, o que implica que moitas empresas non realizarán investimentos de modernización nas súas factorías ao non teren un sistema tarifario estábel. Mesmo afecta á competencia leal, pois provoca que empresas do mesmo sector produtivo podan ter prezos moi diferentes de electricidade.

O escenario de tarifa eléctrica diferenciada, como dicíamos anteriormente, non é o único que existe en Europa ou nos USA. Tamén no caso do Estado español, na actual proposta de peaxes eléctricos realizada polo Goberno central, logo dun pacto co Goberno de Euskadi, recolle o cambio de definición das redes de alta tensión para que teñan collida unha parte moi significativa da rede de distribución vasca, que neste caso é singular, o cal vai permitir a partir de 2015 uns prezos máis baixos para a industria de Euskal Herria, nunha rebaixa que se estima nun 15% nas peaxes e nun 12,5% no termo de enerxía.

No caso de Galiza, existen sobradas razóns para nos dotarmos dunha tarifa eléctrica propia que,



además, evite a nosa desindustrialización.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

Acordo

- 1.- Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Español a creación dunha Tarifa Eléctrica Galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, rebaixe as peaxes das tarifas nun 30%, tanto para o consumo doméstico como para as empresas.
- 2.- Crear e dotar de financiamento un fondo específico para axudar a familias con problemas económicos para o pago da tarifa eléctrica.

O sr. Núñez toma a palabra: En primeiro lugar dicir que hoxe o BNG trae a este Pleno esta moción sobre a tarifa eléctrica galega e para unha axuda para loitar contra a pobreza enerxética e temos que referirnos en primeiro lugar a que entendemos que en Galiza pois ó longo destes tempos nos últimos anos se foi especializando na produción de enerxía eléctrica para subministro de enerxía eléctrica ó resto do Estado Español, é dicir, Galiza nin tira nin tirou proveito desta actividade económica, xa que en definitiva as grandes empresas que actúan en oligopolio e manteñen os seus centros de decisión fóra da súa terra, é dicir, resulta patético que sexamos sobre produtores de enerxía eléctrica e que amplas zonas do noso País teñan unha deficiente calidade na subministración eléctrica. Coa lexislación actual puidéramos dicir que aínda é posible que tivéramos que pagar máis cara a electricidade que onde non a teñen, que a reciben de aquí, nós somos un País excedentario en produción eléctrica para mandar enerxía para Madrid, para Barcelona para o resto do País, o resto do Estado Español, e non tiramos un beneficio claro nin nítido respecto aínda o contrario. Galicia deba ter unha rebaixa substancial para as facturas da súa xente, da súa veciñanza, xa que sofren unhas pensións e uns salarios máis baixos do Estado Español. Dicir que primeiro asolagaron os nosos mellores vales cos encoros para subministrar enerxía para fóra e agora pois evidentemente cabe que houbera preguntarse para que, para que tanto estrago, para que tanto asolagamento das nosas mellores viñas, das nosas mellores terras nos vales, cando realmente non obtemos un beneficio disto. O Partido Popular considera a enerxía eléctrica como un ben de uso ordinario, suxeito á libre competencia e o oligopolio das empresas eléctricas. Para o BNG isto deba ser, a electricidade deba ser considerado como un ben básico que deba ficar intervindo polo sector público e vetado a especulacións abusivos. Se nos quixéramos comparar xa que estamos en esta gran Europa con outros estados europeos, tamén imos á cola somos o terceiro estado con facturas máis caras para uso doméstico, e dos oitavos para uso



máis caro no uso industrial, é dicir, e unha cousa que é absolutamente absurda, é dicir, que temos que pagar polo que temos, polo que temos excedentes, temos que pagar aínda máis, unha cousa é pagar polo que non tes, pero pagar aínda máis polo que che sobra, é que é todo sen sentido. Nin as economías familiares tiran beneficio, tampouco as nosas empresas xa que en moitos casos non poden acometer as melloras tecnolóxicas de modernización, ou digamos ó enterrar, ó gastar cada vez máis recursos económicos nas súas facturacións eléctricas. Dicir que efectivamente hai outros gobernos como pode ser o Goberno do País Vasco que efectivamente ven de negociar co Goberno Central pois unha rebaixa substancial de ata un 15% as facturacións da súa enerxía eléctrica, algo que efectivamente no que debera mirarse o Goberno Galego, pero aquí efectivamente sempre estamos mirando para outro lado, é dicir, aquí miramos en enterrar ó mellor trescentos mil euros en videoclips “del Julito Iglesias”, e efectivamente pois as asociacións culturais, as asociacións que pulan polo desenvolvemento do idioma galego neste País pois se lle dan cero euros, claro aquí funcionamos así neste País tristemente. E vou rematando cos acordos que trae hoxe a nosa moción que nos ven a dicir que: o primeiro acordo sería instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Español a creación dunha Tarifa Eléctrica Galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, rebaixe as peaxes das tarifas nun 30%, tanto para o consumo doméstico como para as empresas, e traemos un segundo punto, un segundo acordo que efectivamente o outro día na Comisión Informativa se nos dixo que xa había un plan de axudas de emerxencias para a xente que tivera dificultades económicas no Concello, e nós entendemos que efectivamente se debera crear aparte dese plan desas axudas de emerxencias un plan específico para a xente que teña unha problemática determinada co respecto ó tema enerxético, que teña problemas para pagar estas facturas eléctricas, entón sería: crear e dotar de financiamento un fondo específico para axudar a familias con problemas económicos para o pago da tarifa eléctrica, estes son os acordos da moción do BNG.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, ten a palabra a voceira ou o voceiro do Partido Socialista.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pois ben, unha das máis importantes consecuencias da crise económica é a existencia dun gran número de familias que teñen graves dificultades para poder pagar a factura eléctrica. Segundo estudos estatísticos máis do 10% dos fogares non poden pagar as facturas de servizos básicos como pode ser electricidade. A todo isto hai que engadir os continuos incrementos de tarifas que levan a numerosas familias a unha situación que se coñece como pobreza enerxética, recibos da luz e do gas non pagados, electricidade e calefacción cortadas. Isto é a antesala dunha alarmante e grave situación de miseria xeral, segundo o último que teño lido creo recordar que nos



últimos anos a tarifa eléctrica subiu preto dun 40%, todos somos afectados. En Barbadás a veciñanza tamén sofre as consecuencias desta situación, e os datos son os que son. As estatísticas din que a nivel Estatal está afectado o 10% da poboación, pois a nivel Concello isto afecta a máis de mil veciños e veciñas. Calquera administración está na obriga de atopar solucións comunitarias para evitar que haxa familias que se queden practicamente ó raso no inverno, sen luz e sen calefacción, e non tirar da beneficencia, porque non se trata de atender aos veciños mediante unha simple atención para saír do paso. O Grupo Municipal Socialista presentou no Pleno de xaneiro de 2014 unha serie de propostas que o PP do señor Freire e da señora Vispo rexeitaron, e neste Pleno volvemos a reiterar esta petición, os mesmos acordos vámolos propoñer ó Bloque Nacionalista Galego porque creo que son asumibles. Elaborar coa participación da oposición unha ordenanza que garanta que ningún fogar de Barbadás con dificultades económicas vexa cortada a súa subministración eléctrica, de gas e auga. Destinar unha partida económica suficiente para evitar este tipo de desafuzamentos en servizos básicos, e aquí quero facer mención especial ó comportamento do gasto que ten o Partido Popular nos últimos meses, gastos de protocolo, gastos en revistas, gastos en anuncios publicitarios nos medios de comunicación como o que saíu esta fin de semana, pero resulta que para atender ós veciños do Concello non destinamos nin un só euro, e falo de axudas de emerxencia pero a través de ordenanzas, de ordenanzas xustas e equitativas, vostedes dispendian o diñeiro en ¡hala!, imos a arranxar uns poucos parques, sen ningún tipo de previsión, imos arranxar unhas rúas sen ningún tipo de estudo, pero resulta que para atender as necesidades sociais, as carencias sociais dos veciños, vostedes din que non, así sistemáticamente. Garantir uns consumos mínimos vitais tendo en conta o número de membros da unidade do fogar, e tamén da renda familiar, e solicitar ó Goberno de España a aplicación dun IVE reducido para a subministración doméstica de electricidade, gas e auga. Para entrar un pouco máis en detalle na moción que presenta o Bloque Nacionalista Galego eu non sei se é posible a aplicación dunha tarifa eléctrica galega, non o sei, no País Vasco teñen facenda propia, que ó mellor é o que fai viable esa redución da tarifa, con elo non entro a prexulgar se se pode facer ou non en Galicia, eu non o sei a min paréceme boa a proposta, ou gustaríame emendala no sentido de incluír na moción esta proposta que estamos facendo para elaborar unha ordenanza, para que se solicite mentas a redución do IVE e que en Barbadás realmente se lle axude co cartos do Concello e orzamentado unha asistencia para estas persoas que se ven afectadas, incluíndo iso nós votaremos a favor.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, vamos a ver, nós sen deixar de estar de acordo en parte da exposición que se fai de motivos dos acordos, temos que recoñecer varias premisas: primeiro, as



competencias indubidablemente enerxéticas como acaba de expresar neste caso o voceiro do Partido Socialista son a nivel central, iso que quede claro. Galicia non é unha illa dentro de España, Galicia pertence a España, España é todo un conxunto no cal de algunha maneira pois no momento, pois se legisla para todos igual, pero indubidablemente se houbera algunha posibilidade de que houbera unha discriminación positiva para Galicia, sexa o trinta, sexa o vinte, sexa o corenta, ogallá fora o corenta, nós iamos a votar a favor nese aspecto estaríamos de acordo. Ben é certo, nos parece que vai ser bastante complicado levalo a cabo. No segundo punto no de crear unha dotación financeira suficiente para isto non se pode neste momento, en primeiro lugar: están aprobados os orzamentos, poderíase facer en todo caso para o ano que ven, se fose factible, porque estamos falando de máis ou menos mil persoas que poden ser as que necesitarían esta axuda, cuantificar esa cantidade que non será pequena, e se chegado o momento fora necesario nós estaríamos dispostos a estudalo, pero chegado o momento, non sería agora o momento, porque agora xa se fixeron os orzamentos, non se pode sacar partida de onde non a hai, entón de cara ó futuro, de cara ó ano 2015, 2016 digo, pois nos orzamentos as persoas que estean aquí, se nós o goberno do Partido Popular segue gobernando pois seguramente se pode chegar a un estudo previo, pero a día de hoxe é imposible, co cal votaríamos a favor do primeiro punto, e o segundo temos que votar non porque non hai partida, sería condición previa ter presuposto como é lóxico, entón iso o é o que nós podemos ofrecer.

O sr. Núñez toma a palabra: Imos ver, con respecto á intervención do Partido Socialista, efectivamente estamos de acordo coas propostas que emendan á nosa moción, e as aceptaríamos sen ningún tipo de problema. E con respecto ó que nos comenta o señor Freire, a moción vaise votar de xeito conxunto, é dicir, vaise a votar o acordo un, e o acordo dous no mesmo saco, se a queren votar a favor vótena e senón pois non tal, coma vostedes crean oportuno, pero que efectivamente isto é algo de criterio efectivamente o que acabo de describir que efectivamente un país como Galiza dentro do Estado Español que ten unha sobreproducción de enerxía eléctrica e que non tira rendibilidade algunha, polo tanto isto debera de condicionarse, e de crear o orzamento preciso para o segundo punto, pois que efectivamente puidera quedar aprobado para facelo nun futuro o que pasa neste Concello é como todo, é dicir, quedará se se aproba ou non se aproba, quedará no caixón e efectivamente nunca farán nada o respecto, porque non lles interesa este tipo de cuestións.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Eu quéro lle lembrar ó señor Freire que existen a posibilidade de modificación de créditos, e nunca máis xustificando cando hai unha emerxencia, é unha necesidade por parte dos veciños, e tamén lembrarlle que vostede agora está facendo un brindado ó sol, porque resulta



que vaino a estudar ó mellor para o ano que ven, primeiro vostede non vai a estar no goberno ó ano que ven, vostede non, quen esta non o sabemos, decidirano os veciños pero vostede non, polo tanto o seu compromiso vale tanto como cero, iso é o que vale.

O sr. Alcalde toma a palabra: É unha declaración de intencións.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Vale, vale, ¿pero iso é o que é?, vostede non vai a estar gobernando este Concello, polo tanto o seu compromiso, as súas verbas valen cero.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero pode que si o meu grupo.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Os grupos señor Freire son o que son e deciden ó fin e ó cabo as persoas. Segunda cuestión, esta proposta que vostede agora acepta e recoñece a posibilidade da existencia de mil afectados neste Concello, máis de mil afectados neste Concello.

O sr. Alcalde toma a palabra: Son as estatísticas quen o di.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Ven do ano pasado, feita polo Partido Socialista, en xaneiro do 2014, vostede un ano despois acepta a posibilidade de que ocorra isto, vostedes non viven na realidade do País, acéptana segundo vai transcorrendo o tempo e segundo se lle van abrindo os ollos grazas as protestas e as demandas da cidadanía, pero esta moción, esta proposta de crear este fondo ven do Partido Socialista do ano 2014, vostedes naquel momento rexeitárona vólvollo recordar, así de claro, rexeitárona, contou co apoio do Bloque Nacionalista Galego, tamén o hai que dicir, vostedes rexeitárona, e agora vostedes a collen para o ano que ven. Mire señor Freire non se ría dos veciños, nin se ría da oposición, que vimos a facer un traballo serio. Entón non faga brindes ó sol, e traballe.

O sr. Alcalde toma a palabra: Dicir para rematar entón dúas cousas, en primeiro lugar o BNG como xa dixemos na Comisión Informativa tivo tempo de levar a cabo esta proposta que formula aquí porque gobernou na Xunta de Galicia no seu momento, con conselleiro de industria que era do BNG, entón hai que dicilo, sobre todo recordalo, senón o fixo naquel momento estou seguro que foi porque non puido, porque tamén estou seguro que a vontade sería boa, como vostede expresa aí na declaración de intencións, pero en todo caso, se fose factible nós encantados, porque é un ben para Galicia, un ben para todos os galegos, e un ben para nós tamén, para os nosos veciños de Barbadás. Con relación ó punto dous, nós se vostede quere non hai problema votámoslle a favor, pero con esa condición de que se estudará no orzamento do ano 2015, e nos comprometemos a elo, se gobernamos claro, 2016 perdón.

O sr. Núñez toma a palabra: Eu me repito, a moción vámolos manter nos dous acordos que trae, engadindo as emendas que presenta o Partido Socialista, de acordo, de feito manifestamos xa no seu



momento que estabamos de acordo con elas, e xa lle comentei na Comisión Informativa o xoves, vostedes achácanlle a culpa a este País a catro anos de goberno de coalición do PSOE-BNG, é dicir, vostedes levan ducias e ducias de anos distintos gobernos locais, na Deputación, na Xunta, no Estado, en todos os lados, e a xestión que fan xa se ve cal é ningunha. Entón a este respecto e a outros moitos, miran para outro lado, miran para o beneficio das empresas amigas e pouco máis, é dicir, entón que non lle achaquen vostedes os males de ninguén á xestión que fixo o BNG durante catro anos, que xa lle gustaría, é dicir, a xestión que fixo politicamente o BNG na Administración Autonómica durante eses anos, foi absolutamente modélica e vostedes non serían capaces de facer iso porque non cren neste País, nin cren en definitiva en pór en marcha nada que dinamice e poña en valor os sectores produtivos nin nada deste País, é dicir, vostede o que lle interesa en todo caso é encher todo de cemento e enterrar todo, esa é a súa política, nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Tan modélica foi que non o referendaron os veciños, entón os veciños son os que teñen a última palabra, ben, pois nós entón imos votar en contra pois se vostede non acepta ese segundo punto modificado como dicíamos, pois loxicamente témonos que ver obrigados a votar en contra.

Votos a favor, votos en contra

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos en contra do PP e os votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: **“Moción do BNG sobre a tarifa eléctrica galega e axuda para loitar contra a pobreza enerxética”**

7- MOCIÓN DO BNG SOBRE O DÍA DE ROSALÍA

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ó punto 7 que é unha moción sobre Rosalía, tamén do BNG.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 24 de febreiro de 2015 cumprense 178 anos do nacemento de Rosalía de Castro, un día e un mes en que é preciso traballar, como o resto do ano mais de xeito máis intenso e planificado, para difundir unha obra e un pensamento con forte vixencia na actualidade e que pode coaduxar a recuperar o orgullo de quen somos e o recoñecemento da nosa lingua como expresión xenuína do pobo galego. Lembremos que estamos a falar dunha escritora radical, culta, feminista e comprometida co noso país, coas súas clases populares e cos sinais de identidade da Galiza, entre os que se conta o galego, hoxe especialmente ameazado.

Rosalía de Castro é non só a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas senón a que



marcou o camiño a seguir ao iniciar o proceso de recuperación de usos do galego co obxectivo de lle devolver a dignidade de que fora despois. A publicación do seu libro *Cantares Gallegos*, o primeiro escrito integramente no noso idioma, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento. A recuperación literaria e lingüística da Galiza ten unha enorme débeda coa súa obra, que marca a ruptura da marginalidade do galego e desafia a sociedade do seu tempo a través dun discurso de defensa da terra, da súa xente e dunha lingua que merce continuar a ser transmitida de xeración en xeración e ser utilizada en todos os ámbitos para contribuír, desde a súa especificidade, ao saber universal que tamén posúe a obra rosaliana.

Nuns tempos en que os datos obxectivos indican un alarmante descenso no uso do galego, a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas, pois nos seus textos achamos procedementos e argumentos para fomentar a utilización da nosa lingua, achegarse á nosa idiosincrasia e comprender a nosa identidade cultural. Cómpre, pois, aproveitar a reivindicación desta data para estendela a un mes de febreiro de firme e inequívoco compromiso co idioma, sumando todos os esforzos posibles para continuar o camiño por ela iniciado para o galego se converter na lingua en que expresarmos todos os nosos sentimentos e emocións, en que desenvolvemos toda a nosa actividade profesional, en que achegamos o noso contributo á cultura universal.

Por todo isto, e seguindo as directrices dunha convocatoria xa consolidada pola Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG), propoñemos ao Pleno Municipal deste concello, tras declarar, o 24 de febreiro Día de Rosalía, os seguintes acordos:

Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen a veciñanza do noso concello ao longo do mes de febreiro. Entre estas actividades, xulgamos de interese promover, cando menos, as seguintes accións:

Pendurar nos balcóns das casas e das institucións bandeiras galegas, pancartas con versos de Rosalía debuxados, procurar espazos para realizar graffitis, murais...

Realizar lecturas públicas da obra rosaliana en lugares destacados do concello en que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.

Desenvolver unha serie de actividades para promover o coñecemento de actualizacións da obra rosaliana a través da música, o teatro, a literatura ou a danza, así como seminarios, mesas redondas e/ou conferencias sobre a súa obra e figura.

Apoiar todas as iniciativas mobilizacións que se desenvolvan ao longo do mes de febreiro para



reivindicar o futuro do noso idioma e a activación de medidas a prol do seu uso en todos os ámbitos.

Solicitar da Xunta de Galiza unha mudanza na política lingüística desenvolvida até o momento, retomar o consenso e promover, nun prazo máximo de seis meses, mudanzas lexislativas substanciais guiadas pola activación de políticas lingüísticas a prol do galego.

A sra. González toma a palabra: Nós dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos que o grupo do Partido Popular pois non está pola labor de recoñecer a figura de Rosalía de Castro, como muller feminista, loitadora, culta e comprometida co noso País, e coa nosa lingua. Entendémolo así porque a pesares de ter aprobado por unanimidade o ano pasado en xaneiro declarar o 24 de xaneiro como día de Rosalía e apesares de que no Pleno de xaneiro eu mesma lles lembrei a vostedes este acordo e que polo tanto en febreiro habería que facer algo pois non fixeron absolutamente nada para lembrar a Rosalía de Castro, por iso volvemos hoxe con esta moción coa finalidade de que quede instaurado definitivamente este día como tal, governe quen governe nun futuro, porque nun país coma o noso a figura de Rosalía de Castro non só é a figura dunha escritora que escribiu un galego, senón tamén é a figura dunha muller galega coma todas nós, que reivindicou e loitou polos dereitos de todas nós. Unha muller que sufriu a emigración como tantas mozas galegas hoxe, unha muller que sufriu o desamparo ó que se ven sometidas moitas mulleres, que denunciou a opresión dun sistema que somete ás muller e á clase traballadora. Se Rosalía vivise hoxe estaría reivindicando a nosa soberanía, a nosa capacidade de decisión, os nosos espazos, a nosa presenza, e o noso protagonismo en todos os eidos da vida, en definitiva estaría reivindicando a igualdade real entre homes e mulleres, estaría denunciando coma nós, os graves recortes do Partido Popular en materia de muller, de servizos sociais, reivindicando o do salario da liberdade, a igualdade de dereitos, por iso o día de Rosalía non é só o 24 de febreiro tamén é os 364 días do ano, e por iso o día 9 de marzo que é hoxe, despois do día 8 de marzo que foi onte, o día da muller traballadora tamén é un día para reivindicar o día de Rosalía de Castro. Rosalía e a súa obra debe ser recoñecidas e para elo é necesario a súa promoción institucional a través da súa lectura, a visibilidade da súa figura, a implementación de actos a favor da lingua, e o recoñecemento da súa obra literaria e política, e tamén da transcendencia da mesma, e da equiparación da mesma aos problemas que hoxe sufrimos tanto a clase traballadora, e fundamentalmente as mulleres deste País, por todo isto o BNG propón esta moción para que se activen medidas en febreiro e ó longo de todo o ano dende o ámbito da cultura e da lingua, que difundan o pensamento dunha muller galega, culta, feminista, radical e comprometida coas clases populares e cos sinais de entidade de Galiza, hoxe



especialmente ameazados. Fai 178 anos do seu nacemento, o seu libro Cantares Gallegos, que non Poemas Gallegos, marca un antes e un despois na historia de Galiza e remata con séculos de esquecemento, cos séculos escuros, e a partir de aí xorde a figura rosaliana, coma unha figura fundamental no noso País, e tamén recoñecer a universalidade da súa obra.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ben, ten a palabra a voceira

A sra. Morenza toma a palabra: No Partido Popular téñenos moi acostumados por desgraza a non interesarse en demasía, nin minimamente sequera, pola normalización do idioma galego, vamos isto é fundamental. O 24 de febreiro é o día de Rosalía, e xa o ano pasado o BNG trouxo a Pleno creo lembrar, unha declaración institucional na que se pedía que se organizasen actividades para conmemorar esta sinalada xornada. A situación non mudou, non sabemos se tiveron algún acto nalgún lugar con motivo do día de Rosalía, se se tivo en conta iso de xa se fará, estamos niso, supoño que non. Sempre “a posteriori” o Alcalde di si a todo, non temos porque preocuparnos porque o vindeiro ano vansen facer actividades para promocionar a obra da escritora o vindeiro ano, tomamos nota, estamos niso, esta é a súa política, os futuribles e as boas palabras, pero feitos cero. A realidade é outra, a crúa realidade do día a día é que a que era Concelleira de Cultura, agora de Deportes e Familia, creo lembrar, fala un castelán impoluto, incluso en actos institucionais e mesmo nos Plenos da Corporación. Para o PSdeG esta continuada omisión, isto é só un exemplo non quero personalizar, como dicía esta continuada omisión no uso do idioma é unha falta de respecto á Lei, e á memoria de Rosalía de Castro, é só un exemplo, non me gusta personalizar en ninguén, pero os feitos están aí. Con motivo do debate da moción do BNG, volvemos esixir ademais que o idioma galego estean en todos e cada un dos documentos que emite o Concello de Barbadás, porque iso si significa manter viva a memoria de Rosalía, fundamentalmente cumprir a Lei de normalización lingüística e o Estatuto de Autonomía de Galicia. Pedímoslle que saiban estar á altura das circunstancias porque queremos remarcar a importancia de Rosalía de Castro está inventada e non precisamente por ningún grupo político, senón que está presente na realidade social de Galiza, e mire se é importante Rosalía, que o propio Google, ese día mantivo ó longo de toda a xornada a fotografía de Rosalía na súa imaxe mundial, cando entrabas en Google vías a imaxe de Rosalía, ese día o 24 de febreiro todo o planeta puido ver a senlleira imaxe de escritora que representa a Galicia, aos galegos, ás galegas, tamén aos políticos e políticas do Partido Popular que falan a lingua nai só porque é obrigatorio por Lei, e a veces nin iso, e outros e outras que nin sequera son capaces de facer o esforzo de falala nos actos



públicos, entón ademais, supoñemos que apoiarán esta moción do Bloque Nacionalista Galego, e dámolo por feito, e instámolo á que a normalización do idioma galego sexa un feito.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, pois efectivamente vamos apoiar a moción como dixemos na Comisión informativa, e sen máis.

A sra. González toma a palabra: Ten pensado facer algo este ano, entorno a primavera mesmo, entorno á obra de Rosalía, onde, como, teñen algo planificado.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pois se estudará dende a Concellería e se porá en marcha. Entón entendo que por unanimidade a moción.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

“Moción do BNG sobre o día de Rosalía: Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen a veciñanza do noso concello ao longo do mes de febreiro. Entre estas actividades, xulgamos de interese promover, cando menos, as seguintes accións: Pendurar nos balcóns das casas e das institucións bandeiras galegas, pancartas con versos de Rosalía debuxados, procurar espazos para realizar graffitis, murais...

Realizar lecturas públicas da obra rosaliana en lugares destacados do concello en que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista. Desenvolver unha serie de actividades para promover o coñecemento de actualizacións da obra rosaliana a través da música, o teatro, a literatura ou a danza, así como seminarios, mesas redondas e/ou conferencias sobre a súa obra e figura.

Apoiar todas as iniciativas mobilizacións que se desenvolvan ao longo do mes de febreiro para reivindicar o futuro do noso idioma e a activación de medidas a prol do seu uso en todos os ámbitos. Solicitar da Xunta de Galiza unha mudanza na política lingüística desenvolvida até o momento, retomar o consenso e promover, nun prazo máximo de seis meses, mudanzas legislativas substanciais guiadas pola activación de políticas lingüísticas a prol do galego.”

8- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA XESTIONAR A POSTA EN MARCHA DUNHA SEGUNDA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL E PARA HABILITAR UNHA LUDOTECA PERMANENTE NA CASA DE CULTURA.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos á seguinte moción que é do Partido Socialista, para xestionar a posta en marcha dunha segunda Escola municipal infantil e habilitar unha ludoteca permanente na Casa de Cultura. Ten a palabra a súa voceira ou o seu voceiro.



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Barbadás é un referente a nivel provincial e autonómico no despegue demográfico. O noso concello é un claro exemplo do progresivo asentamento de familias xóvenes no extrarradio dunha gran cidade como é Ourense. Era o baixo custo da vivenda o que provocou a incorporación de nov@s veciñ@s, fundamentalmente na Valenzá. Este factor propiciou que moitas parellas xóvenes decidiran vir a instalarse no noso concello polas “supostas” mellores condicións de vida que ofrecía.

Esto significa que estas familias querían optar a unhas vivendas asequibles e dignas preto da cidade e poder disfrutar de dotacións e servizos similares ós dunha urbe coma Ourense, aínda que a pequena escala. Pero o tempo foille demostrando a moitas destas familias que a realidade era outra: as dotacións son insuficientes, os servizos na maioría das ocasións non atenden a totalidade da demanda e estas parellas que se asentaron en Barbadás e que pensaron que ían ter unhas condicións de vida similares a cidadanía que vive en Ourense comprobán cada día que queda moito por avanzar.

A lista de espera na gardería pública é un impedimento máis á conciliación da vida familiar e laboral de pais e nais do concello é a punta do iceberg dunha preocupante situación. Anualmente quedan excluídos ó redor de 40 peticionari@s, unha cifra que pon de manifesto a importante demanda que existe. Hai que ter en conta ademais que cando un/unha nen@ queda fóra do sistema público @s pais e nais vense abocados a inscribilos nun centro privado, co incremento de custo que eso supón.

Moitas familias que se atopan nesa situación e que están en nunhas condicións precarias economicamente, é dicir, que non poden afrontar o pago dunha gardería, teñen que recorrer a fórmulas que fan complicada a subsistencia e mesmo a busca activa de emprego.

Dende o Grupo Municipal Socialista temos reiterado a escasez dunha digna oferta lúdico-educativa para a franxa de idade entre 0 e 3 anos. Ano tras ano repítese a situación de saturación no número de peticións para inscribirse na escola infantil municipal e as circunstancias seguen sen mudar. Uns gobernantes nun concello en continua expansión demográfica teñen que buscar solucións, deben xestionar o diñeiro público con racionalidade, establecendo prioridades á hora de planificar os investimentos ou a busca de financiamento para proxectos importantes. Resulta evidente que non hai interese en facelo e séguese a política da avestruz ante a realidade dos problemas e demandas da veciñanza.

As franxas de idade que precisan unha maior atención son a primeira infancia e os maiores. Pero a crúa realidade demostra que son os grandes esquecidos polos xestores do PP. Os maiores seguen sen dispoñer dun centro de día público e os/as cativos/as entre 0 e 3 teñen moi difícil conseguir praza nun



centro público debido á lista de espera por non xestionar en tempo e forma unha segunda escola infantil municipal.

O Grupo Municipal Socialista ten demandado a posta en marcha de dotacións para a atención á infancia. Lembramos o Punto de Atención á Infancia para a zona norte do concello (Sobrado, Bentraces, Loiro e Barbadás), suxerindo utilizar para este fin a antiga escola de Bentraces. Rexeitouse e as xeniais ideas dos/as gobernantes do PP levaron a que se habilitara neste lugar un segundo centro social para un pobo. Así temos un local que dá servizo a 350 veciños, mentras que coa proposta socialista dun PAI para Bentraces beneficiaríanse preto de 1.600 habitantes.

En aras de mellorar a atención á infancia o Grupo Municipal Socialista propuxo tamén habilitar na Valenzá un Espazo Infantil, debido ó importante número de nen@s que poderían usar unha instalación destas características. Pero unha vez máis a cerrazón de concelleiros/as do PP fixo imposible pór en marcha un proxecto que beneficiaría a un gran número de familias.

Os Socialistas de Barbadás queremos seguir insistindo ademais na necesidade de planificar unha oferta máis ampla para @s nen@s menores de 12 anos. É preciso, é urxente, é prioritario, é ineludible, é indispensable programar actividades lúdicas para @s cativ@s. A forma máis axeitada é pór en marcha de xeito permanente unha ludoteca. Trátase dunha promesa incumplida sucesivamente, pero se Barbadás quere ser un concello moderno que adapta as súas políticas ás necesidades e ó estilo de vida de pais e nais traballador@s ten que buscar fórmulas que fagan posible compatibilizar a vida familiar coa lúdica e a educativa.

O PSdeG non só non renuncia a reivindicar dotacións e servizos para os menores, senón que volve reclamar unha segunda gardería municipal para Barbadás por múltiples razóns: porque é necesaria, porque o pide a veciñanza, porque as características da pirámide poboacional así o apuntan, porque somos un dos concellos onde máis nenos nacen de Galicia, porque é necesario facilitar a conciliación da vida familiar e laboral, porque a lista de espera aboca a moitas familias a unha situación precaria para poder afrontar o coidado d@s seus/súas fill@s.

Barbadás non sería o primeiro concello de Galicia en promover unha segunda escola infantil municipal. O caso máis cercano e paralelo sería o de O Carballiño, pero outros concellos do país xa o teñen tramitado: Verín, Vilagarcía, Redondela, etc.

PROPOSTA DE ACORDO:

- Xestionar ante a Xunta de Galicia a construción dunha segunda escola infantil municipal para Barbadás.



- Habilitar unha ludoteca de carácter permanente que oferte aos cativos entre 0 e 12 anos actividades lúdicas e educativas.

A sra. Morenza toma a palabra: O Partido Socialista presenta esta proposta porque é necesaria porque a reclama a cidadanía, e porque Barbadás merece que os cativos e as cativas sexan atendidos en igualdade de condicións. O señor Alcalde leva, como sabemos todos, ou está a piques de levar vinteito anos gobernando, seguro que ten unha explicación para que entendamos por que Barbadás a pesar de ser un do Concellos de Galiza onde máis medra a poboación, non marca a diferenza, non marcou a diferenza. O señor Freire seguramente ten a capacidade de argumentar detalladamente por que numerosos cativos quedan todos os anos fóra do servizo público do ensino infantil, seguro que ten un argumentario dun folio ou dous, para explicarnos por que quedan decenas de cativos fóra. Estamos expectantes por coñecer os pormenores das xestións que fixo o rexedor de Barbadás para evitar as sucesivas listas de espera que roldan os corenta, sesenta nenos e nenas todos os cursos, e queremos saber que xestións fixo Freire ante a Xunta para evitar estas inxustizas, se fixo algunha xestión en todos estes anos que leva funcionando a gardería pública, creo que doce, seguro que ten unha explicación tamén para os centros de nais e pais que viron, ven e verán como os seus fillos e fillas non poden optar á praza na Escola infantil municipal, e Freire será quen tamén, señor Alcalde, de tentar que entendamos por que o Alcalde de O Carballiño, Argimiro Marnotes, si conseguiu unha segunda escola infantil municipal. Ó Grupo Socialista non nos interesa a explicación política de que Freire converteuse nos últimos anos nunha especie de paria dentro do seu propio partido, á cidadanía non lle importan as loitas internas do Partido Popular, nin de ningún outro partido, só lle importan os feitos, e os feitos son que a crúa realidade demostroulle señor Alcalde a moitas familias que se asentaron en Barbadás que non poden gozar das mesmas dotacións que se houberan comprado unha vivenda en Ourense. A crúa realidade é que a lista de espera na Escola infantil municipal de A Valenzá é un impedimento máis da conciliación da vida familiar e da vida laboral dos pais e das nais, e supoñemos que nos poderán dar o dato de cantos cheques infantís se dan de media aquí cada ano á vista da exclusión de tantos nenos, de dúcias e dúcias de nenos seguramente a estes pais e nais búscaselles unha solución a través do cheque infantil, dámo-lo por feito señor Alcalde, xa ve que confiamos, nós temos un resquicio de confianza na súa boa xestión. Dende o Grupo Municipal Socialista non nos cansamos de reiterar unha escaseza na oferta lúdico-educativa para a franxa de idade e precisamente da que estamos falando hoxe entre 0 e 3 anos, ano tras ano repítese a situación de saturación no número de peticións para inscribirse na Escola infantil municipal e as circunstancias seguen sen



mudar, un gobernante nun Concello en continua expansión demográfica ten que buscar solucións señor Alcalde, e vostede non as está buscando, ten que xestionar o diñeiro público con racionalidade establecendo prioridades á hora de planificar os investimentos, ou a busca de financiamento para proxectos importantes, e non gastar o diñeiro un pouquiño en publicidade aquí, un pouquiño en disfraces alá, e un pouquiño en galas drac queen, niso non gaste o diñeiro reúnao todo e gasteo nisto. As franxas de idade que precisan unha maior atención son a primeira infancia e os maiores, iso sabémolo todos de memoria, é coma unha lección que xa temos dende que empeza o curso en setembro, ata as recuperacións de xullo agora, que agora xa non son en setembro, vostede agora xa non queda para setembro, queda para xullo. Pero a crúa realidade demostra que son os grandes esquecidos polos xestores do Partido Popular, logo aparecen si nos programas electorais, aparecen moi bonitos eses puntos nos programas electorais. Os maiores seguen sen dispoñer dun centro de día público, non necesitamos lembrarllo, e seguimos sen a segunda gardería, sen a segunda Escola infantil municipal mentres outros Concellos coma O Carballiño si a van ter. O Grupo Municipal Socialista ten demandado a posta en marcha de dotacións para atención á infancia, lembramos o punto de atención á infancia para dar atención á zona norte do Concello, é dicir, a Bentraces, a Sobrado ou a Loiro suxerindo utilizar para este fin a antiga escola de Bentraces, esta moción rexeitouse as xeniais ideas dos gobernantes do Partido Popular levaron a rehabilitala a utilizar o diñeiro público de todos, a rehabilitar esta escola para crear un segundo centro social nun pobo, cando ata hai pouco anos nin tan sequera Piñor tiña un centro social digno. Así temos un local que da servizo a 350 veciños, mentres que coa proposta socialista dun PAI para Bentraces daríase servizo a aproximadamente a 1600 habitantes. En aras de mellorar a atención á infancia o Grupo Municipal Socialista xa noutra ocasión propuxo habilitar en A Valenzá un espazo infantil debido ó importante número de nenos e nenas que poderían usar estas instalación, pero unha vez máis a cerrazón dos Concelleiros do Partido Popular naquel momento fixo imposible que naquel momento vostedes aceptaran as propostas construtivas que fai o Partido Socialista. Os Socialistas non nos rendemos porque cremos que a infancia é moi importante para este Concello, e seguimos insistindo na necesidade de planificar unha oferta máis ampla para os nenos e nenas menores de 12 anos, tamén hai que lembrar que hai un par de meses propuxemos actividades para nenos de 0 a 3, actividades extraescolares, poderíamos denominar, tamén se cerraron. É preciso, é urxente, é prioritario, é ineludible, é indispensable programar actividades lúdicas para os cativos, iso está clarísimo, vostede seguro que o ten moi claro señor Alcalde. A forma máis axeitada é poñer en marcha de forma permanente unha ludoteca, como se fai



en concellos con grande explosión demográfica coma o de Barbadás, trátase dunha promesa incumprida sucesivamente polo visto o material témolo, temos a instalación onde situalo, e o espazo témolo todo non entendemos porque non se pon en marcha a ludoteca nunha biblioteca, por suposto, non nos veña agora dicindo que hai unha ludoteca na Casa da xuventude, iso non nos vale, a ludoteca é na biblioteca, a proposta de acordo do Partido Socialista con esta moción é: Xestionar ante a Xunta de Galicia a construción dunha segunda Escola infantil municipal, ó igual que fixo O Carballiño que si o conseguiu, vostede ó mellor supoñemos que vai votar en contra porque ó mellor pensouno ben durante estes días do xoves a hoxe, como se abstivo, pode votar a favor, ó mellor pensouno ben, e pensou no Alcalde de O Carballiño, pensou nos veciños de Barbadás, é dicir, por que O Carballiño si e Barbadás non, ó mellor é por que voume despedir, voume cun bo proxecto, cunha boa iniciativa, non creo que non. A segunda proposta de acordo é habilitar unha ludoteca de carácter permanente, na biblioteca para nenos entre 0 e 12 anos con actividades lúdicas e educativas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, ten a palabra a voceira do BNG.

A sra. González toma a palabra: Nós nesta moción vemos varias partes. En principio con respecto á Escola infantil municipal efectivamente o BNG ten denunciado xa en diversas ocasións e de xeito reiterado a situación respecto ós nenos de 0 a 3 anos, dado que efectivamente cada ano quedan fóra entre corenta e sesenta nenos de 0 a 3 anos que teñen que recorrer na maioría parte deles a garderías privadas. É evidente que a Escola infantil municipal de Barbadás non cobre as necesidades da poboación, e tamén é evidente a deixamento do Partido Popular neste eido máximo cando esta segunda escola infantil estivo orzamentada, se publicou nun Boletín Oficial do Estado, a cantidade de diñeiro que se ofertaba para poder facela, o grupo do Partido Popular ocultou premeditadamente este feito, e optou por non facela, e foi o BNG o que sacou á luz esta situación, haberá agora un par de anos, dous ou tres anos. A día de hoxe e rematando xa a lexislatura o Partido Popular no seu programa electoral prometerá de novo a construción dunha segunda escola infantil, a construción dun instituto de educación secundaria que xa viñeron no 2009 a publicitar co anterior Conselleiro de educación ós centros públicos de aquí de primaria, para dicir que no 2011 ía estar acabado, dirá que se fará o Centro de saúde, o Centro de día, cando despois de tres décadas non se foi quen de dar un paso adiante en ningún destes asuntos, é dicir, son palabras valeiras que se repiten nos seus programas electorais, nos programas electorais do Partido Popular en Barbadás lexislatura tras lexislatura. É vergoñenta e miserable a súa xestión neste sentido, cando sabemos aínda por riba que está reprobado e está imputado en diversas causas polo que parece que é un mal uso dos cartos públicos, isto en realidade



nos causa unha grande recepción ós veciños e incluso ós membros desta Corporación Municipal. Estamos de acordo por suposto na esencia e na necesidade de facer as xestións oportunas para que se faga a segunda escola infantil municipal de Barbadás, e para dar cobertura a unha poboación que ademais está crescendo nesta franxa de idade de 0 a 3 anos pola situación existente hoxe aquí. E respecto á ludoteca dende o BNG consideramos que se deben artellar medidas para a conciliación da vida familiar e laboral en todos os momentos do día, pero consideramos tamén que ludoteca xa hai unha, é dicir, hai a ludoteca o que se chama Casa da Xuventude que ven sendo unha ludoteca que ten un parque de diante e que nos parece que de ser axeitada e non a biblioteca, porque a biblioteca, é dicir, é un espazo bastante sombrío cunha estrada de diante, nós non lle vemos moita tal para facer alí unha nova ludoteca, en todo caso consideramos que non é necesaria unha nova ludoteca, é dicir, nós consideramos que o que hai que artellar son medidas que favorezan a conciliación laboral e familiar de xeito permanente ó longo do día. Dende o BNG xa propuxemos ó longo da lexislatura fixemos varias propostas en este sentido, nós falamos no seu momento de poñer en marcha un Banco do tempo que se iniciou que se gastou diñeiro para facer unha análise, un estudo da situación, e que nunca se chegou a poñer en marcha, incluso estivo anunciado, non sei se a día de hoxe, porque non o mirei, pero estivo anunciado na páxina web do Concello. Fixemos outra proposta como facer un servizo ou unha bolsa de canguros de xeito que se puidera utilizar ben mediante o copago, ben de balde as familias en caso de que o necesitasen, fixemos ademais propostas de cara non só da franxa de idade de 0 a 3 anos, nin a idade dos maiores, hai unha franxa de idade a partir de 12 anos totalmente descuberta no Concello, e que ademais corresponde a grupos de nenos e nenas que saen de primaria con 12 anos e emigran, e digo emigran a institutos de Ourense porque se desfán os grupos que se fan en primaria, emigran a distintos institutos e aquí en Barbadás non se está facendo absolutamente nada para acoller a estes nenos que quedan un tanto desartellados, disgregados por toda a poboación de Ourense, por todo o territorio de Ourense. Na cuestión do fondo da moción consideramos que é a conciliación familiar e laboral, as medidas para a conciliación familiar e laboral, estamos de acordo. Estamos completamente de acordo no tema de iniciar xestións para conseguir unha segunda escola infantil municipal, si ben consideramos que o punto da posta en marcha de habilitar unha ludoteca permanente na Casa da Cultura, consideramos que se podería cambiar por artellar medidas que favorezan a conciliación familiar e laboral de xeito permanente no noso Concello, porque non acabamos de ver unha ludoteca na Casa da Cultura cos espazos que hai e ca propia forma que ten a Casa da Cultura.



O sr. Alcalde toma a palabra: Ben, pois empezando polo final, eu coincido co que di a voceira do BNG con relación ó da ludoteca, non vemos a Casa da Cultura axeitada, sobre todo cando temos un espazo como é a Casa da Xuventude que está funcionando xa practicamente como tal, entón nese punto nós imos votar en contra, o de facer as xestións para que se faga unha nova escola infantil municipal, pois si, porque efectivamente nós temos previsto facelas como é lóxico, e entendemos que é necesaria, ben é certo que queda aprobada no papel pero hai que mirar onde se vai situar dende o punto de vista do novo plan urbanístico, porque iso agora require unhas características, non hai neste momento espazo físico nin reservado para esta finalidade, e haberá que contemplar. Entón nós podemos aceptar facer os trámites tanto dende o Concello, como solicitándolle á Xunta para facer unha nova gardería, pero hai que saber onde vai a ser, hai que facer algunha modificación puntual ou acabar co plan que temos en marcha e reservar un terreo para iso, e iso require mover ficha primeiro dende o Concello para dispoñer dos terreos e poñelos a disposición da Xunta, non consiste en pedir e despois non saber onde se vai situar. Nós o primeiro punto estamos de acordo, o segundo non, porque non consideramos que sexa necesario facer na Casa da Xuventude ningunha ludoteca cando xa a temos.

A sra. Morenza toma a palabra: Pois intentando chegar un punto de encontro deixámolo como segundo mantén a proposta do BNG, que supoño que si estarán de acordo, artellar medidas para mellorar a conciliación da vida familiar e laboral, claro algo que sexa parecido a unha ludoteca, ou que reforce o que no seu día nós comentamos poñer en marcha un espazo infantil, pero supoñemos que iso xa é demasiado ambicioso e entón que se artellen medidas para completar a situación que temos na actualidade para a atención os nenos entre 3 e 12 anos.

O sr. Alcalde toma a palabra: De todas maneiras quero anticipar unha cuestión segundo me consta a min, polas mañás na Casa da Xuventude ata agora facíanse actividades e facíanse programacións e normalmente pola semana non son habitualmente demandadas, en todo caso sería cuestión de facer un estudo.

A sra. Morenza toma a palabra: Bo señor Alcalde que é cuestión de facer un estudo, evidentemente polas mañás a maioría dos nenos escolarizados están na escola, nós referímonos a horario escolar, pero non é suficiente, por iso diciámolo de situalo na biblioteca, pero eses pormenores adíquense vostedes mentres están gobernando, mentres estean gobernando, se gobernamos outros partido pois xa o estudaremos, vostedes están pola labor de aumentar a oferta para conciliar a laboral e familiar, está claro. Vostedes falan de facer unha modificación puntual, vano pedir, acendéuselle a lámpada a fin de



semana, acordouse do señor Argimiro Marnotes e acendéuselle a lámpada, encantados da vida, seguramente durante a fin de semana se acordou doutras cousas, do que xa falaremos con posterioridade. Vamos ó que nos ocupa, vostede agora quere xestionar ante a Xunta de Galicia a posta en marcha dunha segunda gardería, aplaudímolo evidentemente e fala dunha modificación puntual, vostede en todos estes anos que leva gobernando e sabendo a necesidade que había dunha segunda gardería pensou nalgún momento cal podería ser a situación, porque agora fala de pór os terreos a disposición, agora que nos mete presa a nós que facemos a proposta, claro vostede vai facer unha modificación puntual pero ten polo menos na cabeza nalgún oco da súa cabeza, algún lugar, falou cos técnicos, porque claro agora ven aquí ó Pleno a dicir “hay que majo son si que estoy de acuerdo con la segunda guardería”

O sr. Alcalde toma a palabra: Haberá que falar cos técnicos, a ver onde.

A sra. Morenza toma a palabra: Si, si, convénlle, agora ven a apuntarse o tanto electoral. Nós queremos que todo isto se faga evidentemente que se lle envíe o acordo que se adopte hoxe á Xunta de Galicia pero xa en canto sexa posible, non se apunte o tanto señor Alcalde, eu xa teño, tiña previsto que vostede me dixera que agora mesmo era moi caro, porque agora os mesmos Concellos teñen que pagar grazas a política do señor Feijóo, teñen que pagar por praza creada dez mil euros teñen que aportar, aparte dos terreos a disposición, xa sabe que agora cada Concello pois por praza creada se se crean sesenta prazas, multiplíqueno, non pasa nada porque o Concello de Barbadás se ten para pagar as drac queen, tamén o ten para isto

O sr. Alcalde toma a palabra: Tamén lle digo unha cousa, xa estamos aportando máis que iso, porque a gardería está aportando douscentos e pico mil euros

A sra. Morenza toma a palabra: Porque a gardería non está na rede de galescolas señor Alcalde, non mestura churras con merinas, non está na rede de galescolas, por iso están aportando iso, pero eu estoulle falando dunha futura que si nese caso sería galescola, a futura que se creara. E despois queríamos pedir xa hoxe por escrito que estamos falando disto cal foi a lista de espera, ó mellor sábeno de memoria as Concelleiras do ramo, a señora Chelo, non sei se o sabe de memoria a lista de espera do curso 2014-2015, que é sinxelo, si se quedaron corenta, corenta e cinco, ou quedaron cincuenta, e despois queríamos saber entón ese dato, non sei se o teñen hoxe aquí tamén, ou cantos nenos se benefician do cheque infantil, nenos que non poden acceder ó servizo público, entón por se manexaban eses datos, porque claro andar traballando no ramo, supostamente estes datos son datos básicos, globais que poderíamos ter. Xa sabemos todos que en Barbadás nacen douscentos nenos ó



ano, sabemos que ocupa o posto trinta e tres en Galicia de trescentos quince, todo iso xa o sabemos, vemos que ten agora convicción de facer algo que levamos pedindo todos os grupos da oposición dende hai anos, agora parece que interesa porque é ano electoral, e despois incidir un pouco na importancia da ludoteca, non e tal como se está formulando senón dende un punto de vista máis educativo, didáctico, máis traballar con libros, non só xogar, porque o que se fai na Casa da Xuventude é máis xogar, é lúdico, e nós queremos resaltar o aspecto didáctico.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, pois entendo que modificando o segundo punto que se pode votar todos a favor.

A sra. González toma a palabra: Eu entendo que traballar máis con libros é unha labor da biblioteca, entón habería que traer unha moción sobre a dinamización da biblioteca, que efectivamente está bastante paralizada, pero para todas as franxas de idade, porque unha biblioteca non é só para nenos de 0 a 3 anos, é dicir, unha biblioteca abrangue todas as franxas de idade, entón eu considero que efectivamente a biblioteca deberíase dinamizar moitísimo máis, insisto en que artellar medidas para a conciliación da vida familiar e laboral moitas veces non é tan difícil, porque eu penso que con unha bolsa de canguros que tivéramos no Concello ó que as familias puidésemos recorrer no momento en que o necesitase cun servizo de copago ou non, dependendo das circunstancias ou do que fora, habería que facer algo que se podía a medida iso.

O sr. Alcalde toma a palabra: Iso implica facer unha ordenanza sobre iso.

A sra. González toma a palabra: Claro, pero hai que poñerse, é dicir, eu penso que non é tanto unha cuestión de espazo, porque eu se teño un canguro, e teño un fillo de tres anos ou de dous anos pois pódemo levar ó parque, quero dicir, espazos hai, pode estar na miña casa incluso, é dicir, se é unha persoa incluso que che garanta que a podes meter na casa, que pode coidar do teu fillo, que se poda garantir dende o Concello.

O sr. Alcalde toma a palabra: Poderase estudar evidentemente.

A sra. González toma a palabra: Claro, iso o BNG trouxo xa en diversas ocasións esta proposta ó Pleno.

A sra. Morenza toma a palabra: Cando se falou no Plan urbanístico no seu día se debateu, non se falou en ningún momento da posibilidade, da previsión de instalar unha segunda escola infantil municipal fisicamente, vostede non o barallou naquel momento, e se non había espazo naquel momento e por que non se barallou. Hai espazos.



O sr. Alcalde toma a palabra: Hai espazos con dotación escolar, neses espazos pode incluírse, é máis incluso aumentou en case dous mil metros máis a dotación escolar.

A sra. Morenza toma a palabra: Agradecemoslle que no informe que lle pedimos dos datos eses que nos inclúa, polo menos que nos dea varias posibilidades de espazos que vostedes están valorando.

O sr. Alcalde toma a palabra: Xa llo digo agora mesmo, onde se pode situar é perfectamente na dotación escolar porque había un espazo de dez mil metros e pasou a doce mil, ou catorce mil no AR-10, por exemplo, sería a zona axeitada, porque queda para iso xa nese momento, hai que acabar de desenvolver o AR-10.

A sra. Morenza toma a palabra: E despois tamén lle quería preguntar, non sei se me entendeu ben, que se fixo co material que tiñan na biblioteca que no seu día no goberno bipartito do que tanto lle gusta denotarse lle enviou a biblioteca,

O sr. Alcalde toma a palabra: Está alí

A sra. Morenza toma a palabra: Está alí, pero sen utilizar

O sr. Alcalde toma a palabra: Está alí, se está utilizando na biblioteca.

A sra. Morenza toma a palabra: É que iso era un material específico para unha ludoteca infantil.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero xa está alí.

A sra. Morenza toma a palabra: Pero na sala onde ía ir destinada a ludoteca ou na biblioteca en si.

O sr. Alcalde toma a palabra: Onde se situou a parte cando o deron, se situou nun espazo reservado para a ludoteca.

A sra. González toma a palabra: Artellar medidas que favorezan a conciliación familiar e laboral de xeito permanente.

O sr. Alcalde toma a palabra: E eliminar este punto tal e como está.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

“Moción do PSdeG-PSOE para xestionar a posta en marcha dunha segunda escola infantil municipal e para habilitar unha ludoteca permanente na Casa de Cultura:

- xestionar ante a Xunta de Galicia a construción dunha segunda escola infantil municipal para Barbadás

- Artellar medidas que favorezan a conciliación familiar e laboral de xeito permanente.”



9- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA MELLORAR A SEGURIDADE VIARIA, A DAS ZONAS COMÚNS E TAMÉN ACTUAR SOBRE OS ESPAZOS INFANTÍS NO ENTORNO DAS RÚAS DA PAZ E O PASEO DOS AMIEIROS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos á seguinte moción que é do Partido Socialista tamén para mellorar a seguridade viaria, a das zonas comúns e tamén actuar sobre os espazos infantís no entorno das rúas da Paz e o Paseo dos Amieiros, ten a palabra a súa voceira ou o seu voceiro.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Entre a Rúa da Paz e o Paseo dos Amieiros reside un importante número de veciños e veciñas da Valenzá. Unha zona residencial na que conviven torres de oito alturas con solares completamente abandonados polos construtores que viron como as súas ansias de enriquecerse naufragaron coa crise económica. A veciñanza considera que esta zona precisa de certas actuacións por parte de Concello que contribúan á súa humanización, e temos claro que hai que actuar conforme a previsións a longo prazo, a medio longo prazo, pero as demandas que nos fan os veciños son as que hai en cada momento pero desidia abandono do equipo de goberno actual. Falamos de dúas rúas de considerable lonxitude e cun deseño en recta que permite que os vehículos poidan circular a elevadas velocidades. Se a este feito engadimos que están preto de diversas instalacións deportivas, no Grupo Socialista consideramos que é imprescindible a instalación tamén de pasos peonís elevados, e non teño teima con elo, é unha necesidade perentoria. Neste caso volven a ser válidos os argumentos expostos sobre a seguridade viaria na miña anterior moción, hai gastos sen previsión, sen falar coa veciñanza, gasto exclusivamente con finalidade electoral. Entre os dous viarios existen uns desniveis importantes que son salvados por medio de diversas escaleiras. Pois ben, algunhas delas teñen pasamáns tan só nun dos laterais cando o risco de caída é o mesmo por un lateral que polo outro. Pola mesma causa, toda a beirarrúa, vindo do Concello do lado dereito da Rúa da Paz precisa da instalación de varanda, o desnivel é moi considerable, igual é perfectamente de cinco metros de altura. Pero a situación máis alarmante prodúcese en toda a marxe do río que está destinada a zonas verdes e espazos de xogo infantil. Resulta imprescindible e urxente a colocación dun valado, como hai no parque da zona do tres, protector para evitar posibles desgrazas persoais.

O sr. García toma a palabra: Non deixa a hidrográfica.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Non deixa haberá que falalo, como é que o deixa no outro lado, ¡ah! deixou, pois haberá que arbitrar algunha medida, pois ó mellor en lugar de colocalo ó carón mesmo do río, e retranquear e facelo máis atrás. Como dicía, a situación máis alarmante prodúcese en toda a marxe do río que está destinada a zonas verdes e espazos de xogo infantil. Resulta imprescindible



urxente a colocación dun valado protector para evitar posibles desgrazas persoais. Eu creo que se se argumentan as cousas todo ten o seu sentido común, entendo eu. As zonas de xogo infantil tamén precisan dunha actuación tan básica como é a de colocar un cercado que impida o acceso das mascotas e propiciar a seguridade dos cativos no recinto. Trátase de dúas zonas de lecer ó carón da beirarrúa, están ó carón da beirarrúa, de xeito que o acceso por parte dos animais resulta moi doado. Estes espazos tamén carecen de bancos, rectifico, teñen un banco, un banco ó carón da zona de xogo, que permitan que os pais e nais que acompañan ós cativos poidan gozar tamén dun tempo de relax. Hai dous elementos que son fundamentais nunha zona de xogo infantil: fontes de auga potable e espazos de sombra. Estes dous elementos están totalmente ausentes nestes parques polo que reclamamos a súa instalación, e supoño que o goberno do PP descoñece que conforme ós meses do ano a veciñanza uns meses utiliza a zona de xogo verde, e outros meses utiliza a zona de xogo vermella, precisamente para ser collidos polo sol, e porque ademais os nenos non o poden utilizar, a zona está totalmente ó relente do sol, a utilización vai en función da caída do sol nin máis nin menos, ademais resulta totalmente lamentable a actuación do concello do PP nesta zona, existe unha zona de actuación para definir as obras necesarias para facer unha correcta remodelación dunha serie de parques de Barbadás, eu téñoa aquí, pasárona vostedes, e o sorprendente é que non se contemple ningunha actuación para a zona de xogo do Paseo dos Amieiros, nin a máis mínima, agora vostedes igual diranme que si que ían a facelo, que toman nota.

O sr. Alcalde toma a palabra: Hai dúas zonas de xogo.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Si, pero digo actuacións señor Freire, estou demandando unha actuación para colocar uns valados, para colocar uns bancos, que os pais e nais se podan sentar preto dos cativos, para que haxa unha zona de sombra que protexa o uso deses parques por parte dos nenos e das nenas, e dos pais e das nais, pois eu asómbrome, voume á memoria de actuación que elaboran vostedes hai uns meses, e din: actuación sobre parque Casa do Concello, parque colexio do Ruxidoiro, parque gardería A Valenzá, parque do Tren, parque dos Patos, parque de Piñor, parque da Solaina, parque da Leiteira, parque da Casa da Cultura, parque Loiro, parque Colexio Filomena Dato, parque fronte o Tren, parque Bentraces, parque Casa Andrés, parque Parada, parque Fidalguiño, circuito saudable sport fitness, e a zona do Paseo dos Amieiros.

O sr. García toma a palabra: É nova.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Mira que ben, que sorte temos, témolo que traer nós aquí para que lle chamen as cousas polo seu nome, ou para que lle cambien o nome as cousas, que é o máis



probable, alégrome de que tomen nota, e fagan os seus deberes, alégrome francamente, o que me cabrea é que nos queiran enganar, e que queiran enganar de paso ós veciños que é o máis importante, é sorprendente, como dicía que non se contemplan ningunha actuación nas zonas de xogo do Paseo dos Amieiros, tampouco sobre o conxunto da zona verde contigua ó río dos Muíños. Novamente temos que falar de actuacións totalmente aleatorias que non teñen en conta o sentir da veciñanza e que se fan para cubrir un expediente. A veciñanza tamén considera necesaria, sigo afondando nas carencias que ten esta zona, necesaria a colocación dun colector máis de papel e outro de cristal, pode ser que vostedes consideren que aí están cubertas as necesidades que a veciñanza reclama tamén. Resumindo, para o Grupo Municipal Socialista, toda a zona é un compendio de situacións perigosas e de ausencia de humanización urbana. Temos que pensar que, ademais das xa antes sinaladas, existe unha grúa de obra de grandes dimensións que pendura sobre as vivendas de moitos dos veciños e veciñas dos dous viarios. Isto non ten máis que un nome, desidia, deixazón por parte do goberno municipal do PP. E aquí, eu chámolle a atención ó señor Alcalde que ten varias propiedades alí, que debería estar un pouquiño máis interesado en que as súas propiedades se revitalizaran e colleran máis valor, digo eu, que nin iso.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas por interesarse polos meus intereses.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Eu interésome polos interese de tódolos veciños, e vostede de momento está empadroado no Concello de Barbadás e que non viva nel, aínda que non viva nel, está empadroado, entón tamén me intereso polos seus bens materiais.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi agradecido.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Polo tanto solicito a aprobación do seguinte acordo:

Proceder á retirada da grúa de obra instalada na Rúa da Paz ou obrigar a súa retirada. Instalar pasos de peonís sobreelevados nos dous viarios, e que cumpran cos requisitos legais. Colocar unha cerca nas zonas de xogo infantil. Habilitar zonas de sombra e fontes de auga potable nos espazos infantís. Colocación de bancos no entorno nas zonas de xogo. Instalar varandas de protección en toda á marxe esquerda do río. Mellorar os pasamáns das escaleiras, como ben dixen antes creo lembrar que son dúas ou tres escaleiras, e unha delas, ou as dúas teñen uns pasamáns un lateral, e no outro non o teñen, pois o risco de caída é igual polos dous lados. Colocar unha varanda na beirarrúa dereita da Rúa da Paz. Retirar a caseta de obra situada na mesma rúa. Instalar un colector de papel e outro de vidro no Paseo dos Amieiros.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, ten a palabra a voceira ou o voceiro do BNG.



O sr. Núñez toma a palabra: Imos ver, dende o BNG temos que dicir que efectivamente este grupo político pois ó longo destas últimas lexislaturas ten traído tamén a este Pleno moitas propostas que nos reclaman ás veces tamén os veciños, outras veces son cuestións que tamén nós vemos de necesidade imperiosa, e tendentes pois a mellorar a situación de determinados viarios, e das zonas verdes municipais, moitas delas pois esquecidas por este Goberno Municipal, é dicir, se se fala das zonas verdes, aquí a compañeira Ánxela ten traído, temos defendido propostas neste sentido, e cabe preguntarse pois para cando as rozas e o aseo da zona alta do parque dos Patos, foi aprobado aquí por unanimidade e segue sen facerse, posiblemente non se fará nunca, é dicir, aquí pois dixemos efectivamente e se constatou que os veciños así o din que hai unha serie de deficiencias importantes, onde hai ratas, onde hai serpes que entran nos garaxes dos edificios, algo que falamos aquí, non recordo agora o momento e que se aprobou por unanimidade e que segue sen facerse, acabará a lexislatura e non se fará, como tantas cousas que se aproban e aí quedan no caixón, esta é a política do Partido Popular, dicir que si cando tal e ó final metelo no caixón, é dicir nas zonas verdes as fontes con pulsador pois seguen sen funcionar en moitos e moitos parques, é dicir, se lle ten constatado, se lle ten dito por activa e por pasiva, é o mesmo, é dicir, da igual. Os bancos hai unha partida aí para restaurar, para reformas as zonas verdes, hai zonas verdes onde había bancos defectuosos e non se restauran, é dicir, en algúns casos collen e se levantan, e non sabemos se efectivamente se levan para casa, se se van a restaurar ou se van a colocar de novo, pero é dicir, é todo digamos moito despropósito ó respecto, é dicir, non hai a atención acaecida que se merecen, nin evidentemente estas rúas que hoxe nos trae aquí o PSOE que son efectivamente a rúa da Paz ou o Paseo dos Amieiros, rúas que foron quedando aí porque a construción evidentemente como di o voceiro do Socialista se paralizou e que non se humanizaron, non se puxeron en valor para digamos para dinamizar eses lugares, e dicir que en definitiva nós pensamos que estas situacións tamén deberan ir englobadas moitas veces en proxectos de tipo máis global e que para mellorar as distintas parroquias, as distintas rúas e parroquias do Concello, é dicir, en definitiva nos parece de recibo que se aproben e que son cuestións que nos parece procedente que se leven adiante e vamos a votar a favor da moción.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, pois nós tamén imos votar a favor pero recoñecendo que se farán todas as que sexan factibles dende o punto de vista de informes técnicos que si de feito a Confederación non deixa poñer varanda na que vai ó lado do río, pois non se poderá poñer, se deixa pois haberá que estudalo e poñelo, dito iso, con esa pequena salvidade, pois nós aprobamos a moción.



O sr. Valcárcel toma a palabra: En primeiro lugar responderlle ó Bloque Nacionalista Galego que estou de acordo no feito de que todo isto hai que englobalo nun proxecto de humanización de todo o Concello, pero volvo a dicir estas son demandas que fan continuamente os veciños, e que a nosa obriga é traelas ó Pleno, porque ó fin e ó cabo senón as traemos ó Pleno o goberno do Partido Popular nin toma nota, polo menos aquí toma nota. Segunda cuestión en relación ó da varanda, non sei se é viable ou non, eu penso que si, técnicos hai sobre a materia que emitirán o seu informe oportuno. Esa é a nosa proposta.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, pois entón entendo que votamos por unanimidade a moción. Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: **“Moción do PSdeG-PSOE para mellorar a seguridade viaria, a das zonas comúns e tamén actuar sobre os espazos infantís no entorno das rúas da Paz e o Paseo dos Amieiros: Proceder a retirar a grúa de obra instalada na Rúa da Paz ou obrigar a súa retirada. Instalar pasos de peonís sobreelevados nos dous viais. Colocar unha cerca nas zonas de xogo infantil. Habilitar zonas de sombra e fontes de auga potable nos espazos infantís. Colocación de bancos. Instalar varandas de protección en toda á marxe esquerda do río. Mellorar os pasamáns das escaleiras. Colocar unha varanda na beirarrúa dereita da Rúa da Paz. Retirar a caseta de obra ubicada na mesma rúa. Instalar un colector de papel e outro de vidro no Paseo dos Amieiros.”**

PARTE DE CONTROL

11- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ó seguinte apartado que é o punto 11, dación de contas de Resolucions de Alcaldía que teñen todos copia.

12- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Valcárcel toma a palabra: Primeira cuestión, hoxe aparece nun medio de comunicación unha denuncia dun particular sobre un suposto amaño das oposicións neste Concello. Na denuncia cítase expresamente ó señor Alcalde, ó señor Tenente de Alcalde, e á señora candidata, o primeiro e a última como coñecedores deste presunto enredo, e o señor Tenente de Alcalde como presunto executor, pregunto ¿que nos poden contar de todo isto?.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pois podémoslle contar facilmente, que iso todo é radicalmente falso.



O sr. Valcárcel toma a palabra: Solicito que me contesten os tres, porque os tres figuran persoalmente na denuncia.

O sr. Alcalde toma a palabra: Iso é radicalmente falso, punto, non hai máis que dicir.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Supostamente o señor Tenente de Alcalde é o que fixo as chamadas dende un teléfono móbil o día anterior, déixeme facer a pregunta por favor

O sr. García toma a palabra: Xamais.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Supostamente o señor Tenente de Alcalde fixo chamadas o día anterior á realización dos exames para dar as respostas as persoas que supostamente ían a aprobar, cal é a súa resposta en relación a este tema.

O sr. García toma a palabra: Que xamais fixen unha chamada telefónica para tal fin, que xamais. ¿E que vós non sabedes de onde ven isto?.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Sabemos quen é, dun candidato do Partido Popular, señor Freire, si, sabemos quen é este señor, un cidadán que terá as súas cuitas persoais máis ou menos graves.

O sr. García toma a palabra: Eu creo que son algo graves.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Máis ou menos graves dixen, eu descoñézoas. Hai unha denuncia presentada que supoño que a efectos xudiciais as súas cuitas persoais, os seus problemas persoais graves ou non graves que eu os descoñezo, non entro na intimidade das persoas, terán que valorarse como se teñen que valorar, cada asunto merece a súa atención.

O sr. García toma a palabra: Eu digo que xamais, xamais, ningunha, nunca fixen unha chamada para tal fin, non se me pasaría pola cabeza.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Sabe o señor Tenente de Alcalde que se afirma na denuncia que hai conversas gravadas súas, indicando as respostas dos exames, négao.

O sr. García toma a palabra: Négoo.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Á señora Chelo tócalle a seguinte pregunta. Supostamente vostede estaba informada deste enredo.

A sra. Vispo toma a palabra (PP): Para nada.

O sr. Alcalde toma a palabra: É que non existe tal enredo.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Hai unha denuncia, non é unha invención xa, hai unha denuncia concreta, agora que sexa realidade ou non. A miña obriga tendo coñecemento da denuncia é preguntar, é máis abondando no feito de que vostedes están presuntamente implicados en outros asuntos de



índole urbanístico, entón xa sumamos o feito de índole urbanística, con temas de índole de persoa, a miña obriga é preguntar, concederánme ese dereito.

O sr. Alcalde toma a palabra: Gustosamente como é lóxico.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Ben, prosigo, as respostas están feitas.

A sra. Secretaria toma a palabra: Respecto ás preguntas que formulou por escrito, efectivamente, preguntas, petición de documentación, vamos a ver, iso vai levar un tempo, porque hai que analizar todos os expedientes de selección de persoal dende o ano 2007, pediunos todos, entón era para indicarlle que o acceso a eses expedientes teno xa.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Non quero o acceso, quero que se me poña por escrito. Non pido DNI, nin domicilios, nin cousas polo estilo, para que conste xa, pido saber quen son as persoas que aprobaron, coa súa puntuación, e as persoas que participaron nos procesos de selección. Nin data de nacemento, nin número da Seguridade Social, nome exclusivamente.

A sra. Secretaria toma a palabra: Quedou claro, as peticións de documentación son claras. O que o mellor non pode facer non sei, haberá que analizar a documentación, é facela pública en prensa, iso é outra cousa.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Iso xa é responsabilidade miña, non vou facela pública en prensa, o digo agora con nomes non o vou facer evidentemente.

O sr. Alcalde toma a palabra: Vostede ten acceso directo cando o queira ir ver.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Hai un señor que se chama Gabriel, máis coñecido como Javier o bilbaíno, que hai uns meses fixo un muro na súa vivenda, avanzando sobre a beirarrúa, que foi obrigado despois dunha queixa polo Grupo Socialista, que foi obrigado a que se retranquease e volvea á súa situación inicial. Parece ser que ese muro, parece ser non, ese muro unha vez que se retranqueou casou uns danos a bens públicos, concretamente á beirarrúa, e parece ser que se está dicindo que a reposición a situación anterior á ilegalidade urbanística se vai a sufragar polo Concello, pregunto porque iso chegoume ós meus oídos. Isto é da semana pasada, dunha reunión que tiveron os veciños coa señora Chelo e coa señora Nieves, e co señor Julio, e coa señora Miriam.

O sr. Alcalde toma a palabra: Aí houbo caída de xente e reclamaron ó Concello porque estaba aquilo mal, o Concello en un primeiro momento procedeu a reparar aquilo porque é unha vía pública, e a responsabilidade loxicamente na vía pública é do Concello, como vostedes saben, entón sen prexuízo de que despois se lle pase a nota a el.



O sr. Valcárcel toma a palabra: Eu quero saber se llo vai a pagar ese señor, afirmao contundentemente de que o vai a pagar o señor Gabriel. Outra cousa, hai tanto tempo coma tres meses, uns veciños da rúa Salgueiriños presentaron un escrito denunciando unha suposta ilegalidade urbanística, na rúa Salgueiriños volvo a insistir, na que se construíu nunha zona verde unha rampla de acceso a unha porta de gran dimensión que se abriu de novo un baixo, levan tres meses e aínda non teñen resposta a esa situación.

O sr. Alcalde toma a palabra: Se lle pasaron os técnicos

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pero como eu lle comentei á señora Secretaria, de feito de que un funcionario estea de baixa non ten que impedir o funcionamento normal do Concello. Voulle ensinar as fotos señor Freire.

O sr. Alcalde toma a palabra: Xa as vin, non se preocupe, que sei de que me di.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Porque eu creo que é absolutamente vergoñento, escandaloso, iso invadindo zona verde nos dous lados da rúa.

O sr. Alcalde toma a palabra: Vergoñento entre comiñas, porque todos os baixos estes teñen acceso dende aquí, todos.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Cando se vai a responder a esta situación.

O sr. Alcalde toma a palabra: Cando teñamos os informes dos técnicos.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Outra cuestión, o Grupo Socialista presentou o 23 de febreiro unha serie de preguntas en relación á paga extra que estaba pendente de percibir

O sr. Alcalde toma a palabra: Xa se pagou

O sr. Valcárcel toma a palabra: Xa sei que se pagou ó día seguinte

O sr. Alcalde toma a palabra: Ó día seguinte non

O sr. Valcárcel toma a palabra: O mesmo día.

O sr. Alcalde toma a palabra: Está aí a Interventora cal foi o motivo

O sr. García toma a palabra: Estaban feitas

O sr. Alcalde toma a palabra: Aí está a Interventora que o diga

O sr. Valcárcel toma a palabra: Eu son adiviño, e que ademais as preguntas, creo que as mandei un domingo.

O sr. García toma a palabra: Ti cres que senón estiveran as nóminas feitas podíase haber pagado no momento.



O sr. Valcárcel toma a palabra: Mire señor Freire, eu dígolle que a moitos funcionarios do Concello deulles a risa literalmente, porque ademais, deulles a risa, porque sabían da presentación destas preguntas, entón deulles a risa, o mesmo día anunciouse o pago das pagas extras do ano pasado, o mesmo día que presentei as preguntas. Máis cuestións, que me pode dicir do Centro de Saúde que a nota da Xunta de Galicia, do Sergas se destinarán 3,6 millóns de euros a construción do Centro de Saúde de A Valenzá, superficie total aproximada de 2.000 metros que eu saiba o espazo, a superficie adicada era de 3.500, ou sexa a que se cedeu á Xunta de Galicia, os 1.500 metros vai ser zona axardinada, zona verde, que vai a ser.

O sr. Alcalde toma a palabra: Vai ser como está no proxecto.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Quen vai a construír o muro

O sr. Alcalde toma a palabra: A Xunta

O sr. Valcárcel toma a palabra: Antes era a Deputación, que tiña un custe de 900.000 euros

O sr. García toma a palabra: Por iso o modificaron para que vaia dentro da obra.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pódenos dicir que empresa, ou se está licitado, se xa se sabe, pregunto.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non se adjudicou aínda, que eu saiba

O sr. Valcárcel toma a palabra: Non se adjudicou aínda. En que momento pensa estar aberto e funcionando para a cidadanía o Centro de saúde.

O sr. Alcalde toma a palabra: No momento que se adjudique, doce

O sr. Valcárcel toma a palabra: Prazo de execución doce meses, eu falo de apertura ós pacientes e usuarios, aquí pon prazo de execución, o prazo de execución suponse que é da obra. Non será un anuncio electoralista máis porque xa levamos cinco anuncios de Centros de Saúde.

O sr. Alcalde toma a palabra: Nós estamos seguros que non.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Están seguros, están convencidos. A ver, que nos explique a persoa responsable de deportes, señora Consuelo Vispo Seara, que ten o seu despacho alí no pavillón cal é a razón pola que no polideportivo por que no paso de peóns ás 10 da noite se coloca unha cadea que impide que un carriño utilice o paso de peóns, un carriño de bebés por exemplo, que mo expliquen.

A sra. Vispo toma a palabra: É por unha razón moi sinxela de que aparcan os coches enriba da beirarrúa, e rompen o que son as baldosas, entón se ti, eu demóstroche imos con unha cadeira de bebé e que pasa perfectamente. Pero as fotos non me demostran nada, ti mais eu podemos facer uso do



bebé, de Rosalía levámola e pasamos polo paso de peóns, non hai ningún problema, a ver que coñezo perfectamente a zona.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Eu falei cos dous ximnacios deste Concello, coméntanme que foron chamados por vostede para invitalos a participar nunhas licitacións ou como se lle queira chamar, adxudicación de procedemento negociado, consistente nun caso en 35.603 euros e noutro caso en 25.920 euros, un, o primeiro deles para a contratación dun servizo consistente na prestación de actividades deportivas no Municipio de Barbadás, e o outro para a contratación dun servizo de docencia e de xestión para impartición de actividades formativas, a sorpresa destes señores é que foron chamados non recibiron as bases, non recibiron ningún tipo de documentación, e que despois se lles chama para dicirlles que está adxudicado este servizo, esa é a primeira cuestión. Segunda podemos saber en que consiste exactamente o servizo de docencia e xestión para impartición de actividades formativas e en que consiste o servizo de prestación de actividades deportivas, porque son cartos, son 60.000 euros, supoño que serán subvencións da Deputación.

A sra. Vispo toma a palabra: Eu podo falar do de actividades deportivas, que foi o que eu chamei os dous ximnacios, o de 30.000 euros, a cantidade non me acordo de memoria podes vela aí. Esa foi á que chamei eu para os dous ximnacios que había aquí, porque entendía que eles tiñan que estar informados, que vamos a sacar iso, e por estar aquí e queren optar ó servizo, sen problema ningún, e eu díxenlle que se puxeran en contacto co Concello ou na páxina web vían as bases, déronme as grazas os dous, foi a única conversa que tiveron con un e con outro, e eu non tiveron ningunha conversa máis con eles.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pero eu pregunto unha cuestión, a invitación que se fai por chamada telefónica

A sra. Secretaria toma a palabra: Non, a invitación é primeiro se

O sr. Valcárcel toma a palabra: Farase unha invitación formal, non unha chamada telefónica como acaba de dicir a señora Chelo Vispo Seara, usando un perfecto castelán.

A sra. Vispo toma a palabra: A formal estacha dicindo Silvia faise dende o Concello. Formalmente dende o Concello, e eu en deferencia porque con eles sempre estamos falando polo que eles podan facernos de actividades falei con eles persoalmente nada máis.

A sra. Morenza toma a palabra: Eu o primeiro rogo que quería facer é que a señora Consuelo Vispo Seara que por favor cando fale no Pleno, que fale en galego, que fale en galego, facemos ese rogo, o Pleno é un acto formal, e supoño que na acta consta en castelán. Xa a Secretaria xa fala en impoluto



castelán tamén, xa ca Secretaria xa non lle digo nada porque é unha funcionaria, a verdade é que tamén tería que falar en galego iso xa o sabe ela, non lle vou lembrar eu a normativa, a señora Tenente Alcaldesa podería, é un rogo. Os rogos que traio son moitísimos máis importantes que a futura candidata que vai ser, fale en galego, digo futura candidata porque ata se fala de que hai alguén que lle quere quitar o posto número un, unha fichase de última hora que lle quere quitar o posto número un, entón por iso digo futura candidata, porque será ou non, nunca se sabe. Imos as cuestións serias que son as que a min me preocupan, as que o Partido Socialista nos preocupan. O primeiro rogo refírense os badenes que se van instalar en Parada, un deles xa se instalou, e nós xa presentamos unha serie de preguntas o pasado 6 de marzo que ó mellor o Alcalde xa nolas podía responder neste Pleno, primeiro formúlolle o rogo, o rogo é que se adopten as medidas de seguridade oportunas para evitar incidentes como os acontecidos hai uns días, lembrar que só había un sinal de advertencia do novo badén máis ou menos ó principio do pobo de Parada, e que non foi ata que protestaron os veciños, e houbo varios contratemplos de automóviles e automobilistas, e despois da visita do Alcalde, só foi despois da visita do Alcalde cando se puxeron os sinais de zona en obras, despois do Alcalde, porque o Alcalde tivo que ir alí claro foi tanta a presión veciñal, a presión do veciños, foi tanto o apuro que pasou que se deron conta, pois como estaban ca obra había que poñer unha sinalización de obra e só se puxo un sinal dun paso de peóns que aínda non estaba rematado señor Alcalde, iso recoñeza que non é así, era a sinalización dun paso de peóns que aínda non estaba rematado, e non se puxo sinalización de obra que era o que procedía, sinalización de obra, porque o paso de peóns aínda non estaba rematado. Rogo que se adopten as medidas de seguridade oportunas para evitar incidentes como os acontecidos hai uns días, lembrar que só había un sinal de advertencia do novo badén en Parada e que non foi ata que protestaron os veciños e houbo varios contratemplos e despois da visita do Alcalde cando se puxeron sinais de zona en obras, ademais de suavizar o paso que era excesivamente pronunciado, ese foi o rogo. Segundo rogo, instalar un colector de papel no Nom de Deu. Terceiro, instalar no Fonsillón o punto de luz solicitado en reiteradas ocasións no número 3 da rúa Valverde pedido dende hai 3 anos. Cuarto rogo que nesta mesma zona do Fosillón, na rúa Valverde, que ven no mapa, e que seguro que o carteiro sabe onde é, se adopten as medidas para intensificar a vixilancia nocturna para evitar problemas de inseguridade cidadá, problemas de trapicheo e todo isto, que este rogo xa o trouxen nunha ocasión que se incremente a vixilancia, non costa nada dicirlle a Garda Civil que se pase por alí de vez en cando. Quinto rogo que se ordene ou se facilite a retirada dun armazón de ferro que quedou onde ata hai uns meses había unha caseta de promoción de vivendas de Construción Carrajo a carón



da rúa Areal, que tamén foi o Partido Socialista o que trouxo un rogo para retirar a caseta, pero quedou o armazón alí e segue dando mal efecto. Sexto rogo, relacionado coa sala de espera de pediatria, a estante que está fixada á parede abanea o que supón un grave perigo para a seguridade dos cativos, vense encima, se tiras un pouquiño así a estante vense encima dun cativo, dun pai, dunha nai, iso leva así moito tempo, o rogo é que se fixe á parede de xeito urxente á parede a estante da sala de espera de pediatria, rogo tamén que esta sala de espera teña a mínima e agradable decoración con motivos infantís, así como que se dote a zona de xoguetes, material didáctico e contos como antigamente había, acabou desaparecendo todo o material, e chegas alí a unha sala angosta onde conviven moitos nenos que na espera de, porque na sala de espera hai moitísimos pais, pois claro pasan incluso unha hora ou dúas horas poden pasar alí, entón o rogo é que se dote de material adecuado. Sétimo rogo, que se cambie a lámpada do punto de luz da glorieta de Piñor que leva meses fundida, mire xa axudámoslle a facer o traballo ós Concelleiros de obras, que esa tamén será unha pregunta que farei despois. Oito, que se adopten as medidas necesarias para que no camiño da igrexa en Piñor ó longo deste viario que desemboca en Vistahermosa, para que non circulen vehículos pesados e de grandes dimensións, isto no seu día xa o dixeramos, algún sinal se colocou, puxéronse bandas sonoras, pero non é suficiente, segue habendo moitos problemas na circulación, porque claro se vai un vehículo pesado e se atopa cun coche pequeno é bastante complicado, entón que se intensifique a sinalización na zona, ou que se tomen medidas, que se vaia a Policía Local, que se arbitre algún tipo de solución que existe, porque esa estrada ten moito tránsito. O número nove, que se implanten espellos nos centros sociais de Parada e Piñor para facilitar a práctica de actividades deportivas de ximnasia e pilates, temos entendido que os hai noutros centros sociais do Municipio algún espello, un ou dous, iso terano que decidir os técnicos como di o señor Alcalde, nós traemos a proposta que nos transmite a veciñanza. Punto número dez, rogo número dez, que se instalen canchas de baloncesto no Campo de Roma, porque o segue pedindo a veciñanza. Entón empezamos coas preguntas. Esta xa a presenteí por escrito, pero ó mellor o señor Alcalde xa me pode responder agora sobre os badenes que se van a construír, un deles xa se construíu en Parada.

O sr. Alcalde toma a palabra: Vannos facer a Deputación.

A sra. Morenza toma a palabra: É que quen se encarga da execución desta obra era a dúbida que tiñamos, porque se é unha empresa non é a brigada de obras da Deputación.

O sr. Alcalde toma a palabra: Esa fíxoa unha empresa, nese plan que facíamos de urxencia que todo o mundo estaba pedindo un paso elevado e se puxo, agora vano facer a Deputación dous máis.



A sra. Morenza toma a palabra: Entón é consciente o Rexedor de que estes pasos de cemento non están permitidos pola Lexislación tamén.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pois van facer dous deses parecidos.

A sra. Morenza toma a palabra: Xa, pero segundo as noticias que temos nós, noticias de técnicos

O sr. Valcárcel toma a palabra: Perdoa Victoria polo inciso, aí está en estudo unha nova lexislación sobre o asunto, entón polo tanto creo que non estaría de máis que se fora mirando e revisando posible lexislación, ou ó mellor e tela en conta.

O sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver eses pasos vanse facer segundo os criterios técnicos que marca a normativa vixente e controlado polos enxeñeiros da Deputación.

O sr. Valcárcel toma a palabra: A vixente vai cambiar en nada, señor Freire.

A sra. Morenza toma a palabra: Unha das preguntas é se ten constancia de que algún veciño se teña queixado e de que teñen ocorrido contratemplos, supoño que ten constancia por iso fixo unha visita alí.

O sr. Alcalde toma a palabra: Só tiveron o seu, e o presidente da asociación de veciños que fun con el alí.

A sra. Morenza toma a palabra: Pois eu coñezo máis, incluso unha persoa que tivo problemas no autobús, o autobús colleu o badén, e unha persoa quedou doente e de feito ten problemas de costas estes días

O sr. Alcalde toma a palabra: Non lle digo que non, pero a min non me chegou.

A sra. Morenza toma a palabra: O Alcalde sabe que este paso ten provocado lesións e prexuízos como lle dixen antes no autobús escolar. E ante a previsión de instalar dous novos pasos como vostede di, vai ter en conta esta experiencia negativa para paliar as consecuencias que xa dixon que si probablemente, de sinalizar axeitadamente, e control exhaustivo por parte dos técnicos para evitar que se faga a obra, e ó cabo de tres días ter que corríxila señor Alcalde, e que non se supervisou esa obra, esa obra quedou aí da man de Deus.

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu non teño que supervisar nada, que eu non son o técnico como pode comprender.

A sra. Morenza toma a palabra: Agora vamos co apartado de preguntas que eu estas preguntas tamén as presenteí por escrito, pero ó mellor podíanas responder hoxe, disfraces e carrozas do entroido, preguntas presentadas o 6 de marzo, que se prefíren contestalas por escrito, porque pedimos, e mellor contestalas por escrito, porque se piden cifras. Despois queríámoslle preguntar en que consisten as obras que se realizaron recentemente na Escola infantil municipal, movemento de terras,



se se vai a mellorar a zona axardinada, ou que se fixo, porque se fixo un movemento de terras importante.

O sr. García toma a palabra: Adecentouse.

A sra. Morenza toma a palabra: Porque pensamos que ó mellor se ía facer máis accesible a zona para que os nenos poidan saír a xogar algunha vez a esa zona descoñecida para os nenos, vai seguir igual, saíndo só unha vez ó ano os nenos, non es vai a axardinar nin se vai a mellorar a habitabilidade e a confortabilidade da zona verde.

O sr. Alcalde toma a palabra: Unha vez que se anda aí, supoño que si, como é lóxico.

A sra. Morenza toma a palabra: Nas últimas semanas retiráronse bancos e árbores, cales foron os motivos, os bancos foron nas rúa San Bernabé, e as árbores foron na Avda. De Celanova, xa se lle puxo a baldosa correspondente supoñemos que non van volvelos

O sr. Alcalde toma a palabra: Os bancos van a arranxalos, e houbo algún que estaba meténdoselle no local de ó lado, non se podía xa nin abrir a porta e se tivo que retirar.

A sra. Morenza toma a palabra: Ou sexa non se van a repoñer, váiselle poñer unha baldosa, xa se lle puxo a baldosa.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non, porque xa lle estaba entrando as raíces ós baixos e non é normal iso.

A sra. Morenza toma a palabra: Ante o cambio de funcións habituais dos Concelleiros de servizos sociais, Julio Pato na atención do centro social de Piñor, queremos que o Alcalde responda ás seguintes preguntas: ¿quen se vai encargar de pechar e abrir o centro?, si se pensou incluso en contratar a unha persoa unhas horas ou así.

O sr. Alcalde toma a palabra: De momento estase utilizando o persoal que temos, non podemos contratar a ninguén.

A sra. Morenza toma a palabra: Pero é que non ten persoal señor Alcalde, alí hai unha persoa que abre a porta porque lle fai o favor non sei se a Julio, se ó Concello a quen, pero nós queremos saber si alguén se vai a encargar de abrir ese centro, porque dende que se abriu sempre se encargou persoal do Concello.

O sr. Alcalde toma a palabra: De momento vai seguir igual que ata o de agora.

A sra. Morenza toma a palabra: Pero a min ténseme incluso dito que poderíase contratar a unha persoa por unhas horas para facer algún tipo de función, incluso facer algo máis. ¿Porque o Concelleiro de servizos sociais xa non fai estas funcións?



O sr. Alcalde toma a palabra: O Concelleiro de servizos sociais fai estas funcións, e está complementando un pouco no tema de obras.

A sra. Morenza toma a palabra: Claro é que xa era a seguinte pregunta, se se mantén o organigrama das áreas de traballo Miriam Prieto como Concelleira de obras, e Julio Pato de servizos sociais. Porque existe unha confusión, porque a xente non sabe se a Concelleira é Miriam ou se o Concelleiro é Julio.

O sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver a Concelleira segue sendo Miriam, Julio está facendo labores de apoio porque neste momento fai falta.

A sra. Morenza toma a palabra: Despois hai unhas obras que se fixeron na estrada de Sobrado, en Bouzachás, que non sabemos, temos a dúbida que se nos ten formulado de quen acometeu a obra, canto custou e que institución o financiou, porque non nos queda claro.

O sr. Alcalde toma a palabra: Creo, si é a que eu sei, que foi un particular, levantaron asfalto noutra zona, como alí estaba en mal estado, pois creo que lle votaron alí.

A sra. Morenza toma a palabra: Pero ese particular temos entendido que é un obreiro da Deputación, entón soa un pouco raro, por iso nos trasladaron a pregunta.

O sr. Alcalde toma a palabra: Iso é de cando se levanta o asfalto doutras zonas, en vez de tiralo, que iso houbéranlo tido que tirar, pois parece ser, loxicamente comigo non falou, que o votou alí, pedindo permiso ó Concello por suposto, a Concellería, e nós lle dixemos que si.

A sra. Morenza toma a palabra: Non tivo ningún custe para o Concello nin nada.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Eu quería facerlle unha aclaración ó señor Freire e á señora Concelleira de obras, e o auxiliar de obras, o señor Concelleiro auxiliar de obras. Noticia de “El Mundo”, vouno traducir ó castelán que teño pleno coñecemento dos dous idiomas, “A nova normativa distingue entre redutores de velocidade para que se axeiten á lexislación futura, RDV, destinados a manter unha velocidade reducida ó longo de certos tramos e que son os que causan máis problemas e as bandas transversais de alertas que son aquelas que se colocan para advertir ó condutor cando o vehículo sobre elas da necesidade de que reduza o ritmo, á súa vez cualifica os RDV, é dicir, os redutores de velocidade en dous tipos, o paso peonil sobreelevados e o dos lomos de asno, os dous primeiros están formados por unha estrutura trapezoidal feita de formigón e con material asfáltico unha lonxitude máxima de catro metros” entón que se miren a lexislación, se a teño eu, vostedes o que teñen que facer é traballar conforme a lexislación e as posibilidades vindeiras de actuación. Eu solicito que se teña en conta para que non se cometan erros, que se teña presente.



O sr. Núñez toma a palabra: En relación con un punto que nós tamén traíamos e que efectivamente falou antes o voceiro socialista, a denuncia que saíu hoxe nos medios de comunicación nomeadamente no País do candidato número oito do Partido Popular nas eleccións do 2011, 2007, ben, é que non denuncia calquera, é dicir, é que aquí, esa persoa puido estar sentada aquí con vostedes. Entón é que aquí parece que denuncia alguén que pasa por aí, non este non é calquera, é dicir, é unha persoa da súa estrita confianza, que foi na súa candidatura, unha persoa que puido estar sentada e puido ter responsabilidade con vostede.

O sr. Alcalde toma a palabra: Puido, pero calquera se equivoca en la vida.

O sr. Núñez toma a palabra: Que efectivamente recibiu subvencións municipais por parte deste Concello.

O sr. Alcalde toma a palabra: Recibiu o club onde el estaba.

O sr. Núñez toma a palabra: Recibiu subvencións municipais, naquela campaña de 2007 quero recordar que ata chegou a ofertar postos de traballo en algunha rúa de A Valenzá, é dicir, o que parece señor Freire é que ó final os paxaros se revolven contra as escopetas, é dicir, vostede se retirará agora no mes de maio, retirárase como queira retirarse, pero vostede ten cousas pendentes coa xustiza, vostede deixa un equipo de goberno absolutamente acaban de dicilo, absolutamente partido, non se sabe se as competencias da señora Miriam as leva o señor Julio, se ben é ó revés, se ben é parecido, é dicir, isto é absolutamente un despropósito absoluto, o seu equipo de goberno neste remate de lexislatura, bo ó longo destes anos que vostede leva aquí. Entón que non é calquera quen denunciou no País, quen sae hoxe a denuncia expresa no País, é dicir, é que isto parece a similitude do señor Rajoy e o señor Bárcenas, pero é que eu non sei quen é esa persoa que me din vostede aí.

O sr. Alcalde toma a palabra: Terá que demostrar que iso é verdade.

O sr. Núñez toma a palabra: É dicir, e non é certo

O sr. Alcalde toma a palabra: Non, é certo.

O sr. Núñez toma a palabra: Ningunha das dúas cousas é certa.

O sr. Alcalde toma a palabra: É certo que veu na lista, pero non é certo o que di obviamente.

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu non sei si é certo ou non o que di, pero logo son feitos absolutamente graves os que están denunciando, os que están pondo encima da mesa, e que en todo caso empañan a súa nefasta xestión ó longo destes anos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pretende empanala, iso é o que el pretende.



O sr. Núñez toma a palabra: En relación coa señora Vispo Seara, é dicir, a señora Vispo Seara ten que falar en galego porque a Lei lle esixe que fale en galego, e ten que falar en galego, e senón o fai está incumprindo a Lei, é unha candidata popular que incumpre a lexislación que lle esixe a Lei de normalización lingüística, vale e de momento alcaldable, como hai máis alcaldables. Algún rogo aquí en relación hai un escrito que é algún rogo que presentou tamén o BNG en relación coas melloras das marquesiñas, das distintas marquesiñas que están no Concello, nomeadamente en As Lamas, no hospital de Piñor, determinadas marquesiñas que están nunha situación lamentable cheas de maleza, e que hai que asealas, e que realmente pois que teñan o fin que teñen que ter, de acordo, porque realmente algunhas están absolutamente en estado lamentable. Vimos de describir unha serie de preguntas o pasado xoves, algunha relativa pois a un almacén de ladrillo á vista que está no Ruxidoiro, e que se esbarrancou pois hai como un ano aproximadamente, e que preguntamos efectivamente aínda que non da ó público, non da á rúa pública, pero que pode seguir ocasionando prexuízos, preguntamos efectivamente que xestións se fixeron, e en definitiva que se solvente esta problemática porque non pode ser que isto siga así, vale, e si é posible que cando respondan, que respondan algo máis que con monosílabos, a veces si, no, parece non sei, que é complicado saber o que quere responder, absolutamente nada. Fixemos algunha pregunta máis tamén en relación coa condición que se ven a adjudicar a determinados traballadores deste Concello como persoal laboral indefinido, e preguntamos pois se efectivamente hai máis traballadores en esta mesma situación, isto é respecto a unha documentación que se nos entregou de Decretos de Alcaldía, onde se resolve este tipo de cuestións e que nos parece pois que en todo caso unha información que temos que coñecer. Nos acaban de entregar un listado das asociacións veciñais e culturais que tamén solicitamos, que lle acaban de entregar aquí á compañeira, algunha pregunta máis que temos aquí rexistrada respecto dos contratos de traballo que se van a realizar nos vindeiros meses, en relación con acordos con determinadas Consellerías da Xunta, que tamén espero que se nos contesten con certa.

O sr. Alcalde toma a palabra: Aínda non están aprobadas, están solicitada, cando se aproben.

O sr. Núñez toma a palabra: Eu refírome que son preguntas que se veñen de rexistrar e que pedimos que se nos respondan.

O sr. Alcalde toma a palabra: Xa llo anticipo eu como se fai habitualmente os contratos eses, mandan unha lista do INEM e desa lista hai que tirar, e si é que dan algo. Nós pedimos persoal, persoal de xardinería, persoal de obras, e iso tiran da lista do INEM e o mandan, e mandan aquí, tres, catro, cinco por cada praza, e se lle fai unha entrevista persoal, que é o que piden.



O sr. Núñez toma a palabra: Outra solicitude que tamén que describimos, que rexistramos recentemente relativa tamén a unha petición que nos fan tamén os negocios de hostalería do Concello, que é solicitar un pago trimestral das súas cotas pola instalación de terrazas e veladores, e que tamén esperamos que se concrete ese tema.

A sra. González toma a palabra: Tamén me chama a atención o que dicía o meu compañeiro Xarín como está isto, efectivamente no tema de obras, vimos vendo dende hai xa uns meses que o tema non está ben, de feito agora poñen de reforzo a Julio, entón Julio reforza a Miriam, pero Julio deixa de facer parte do seu traballo, porque o tempo é o que é, o que segue chamando a atención é que en ningún dos dous casos se lle retire nin un mínimo da paga que están cobrando do Concello con diñeiro público, é dicir, aquí unha señora reconece, unha Concelleira adicada a tempo parcial, reconece que non da feito o traballo, polo tanto poñen de reforzo a Julio co cal un dos dous non fai todo o traballo que hai que facer, porque se Julio é tamén Concelleiro de servizos sociais a tempo parcial, adicado a tempo parcial e cun soldo, deixa de facer parte do seu traballo para adicarse a obras, entón un dos dous ten que deixar de cobrar o que está cobrando, ou cando menos hai que rebaixarlle o diñeiro, as cousas son así, é dicir, é lóxica pura e dura, non hai máis. Con respecto ó tema do idioma insisto, evidentemente o galego na intimidade como o señor Aznar poden falar o que lle dea a gana, inglés, catalán ou chino a min dáme igual, agora a nivel público como representantes do pobo, teñen a obriga de falar en galego, sobre todo como representantes do pobo, e iso hai unha lei que os obriga evidentemente, e xa non é cuestión dunha lei, e cuestión tamén de ética, o que me sobra a min neste Pleno é o ton burlesco cada vez que nós mencionamos este tema ou o Partido Socialista, iso é o que me sobra de todas as maneiras, porque ese ton burlesco non se nota cando aquí fan promoción do inglés por exemplo, cos english camp, non se nota ese ton burlesco, cos english camp si, hai un orzamento para promocionar o inglés, hai un número de prazas para promocionar o inglés, hai unha preocupación para adicalle un tempo para promocionar o inglés, agora co tema do idioma galego que é o noso idioma, o idioma dos nosos antepasados, e o noso idioma e que está en grave risco de desaparición, e non o digo eu, entre outras cousas polas políticas que se fan dende o Partido Popular en todos os eidos, non só dende o Concello, senón tamén dende a Xunta de Galiza, que cada vez que se diga aquí oia teñen a obriga de falar en galego se oian risas e ton burlesco, iso non me parece que sexa de recibo, por parte, nin que o Alcalde o deba permitir, paréceme xa unha tomadura de pelo a un nivel importante. Ben con respecto a outros temas, vamos a ver, onte houbo unha reunión coa asociación de veciños de As Lamas como todos deberan saber e coa Concelleira Chelo Vispo Seara,



máis que Concelleira nese momento candidata, que se dixeron unha serie de cousas que a min como veciña e como membro da oposición me preocupan e que quero poñer sobre a mesa para que se dean respostas tamén dende este Pleno, e queden por escrito nas actas. Unha das cousas que se levou alí e que é prioritario para a asociación de veciños e eu creo que para todo o pobo, porque eu tamén son de alí e sei que é prioritario para todo o pobo, e o tema do cuartel, o tema do cuartel xa todos sabemos máis ou menos, non me vou remontar aquí hai vinte anos nin moitísimo menos pero si dona Chelo dixo nesa reunión que declararon ruína o edificio, e que dende que o declaran ruína un tempo de aproximadamente dous meses máis ou menos para solucionar o problema nos temos en que a lei lles permita, é dicir, non poden derrubar o cuartel porque non é ruína inminente se eu non entendín mal, Chelo corríxeme se entendín mal, e pero si poden por exemplo apuntalalo ou cando menos retirar os elementos que se consideran ruinosos e que poden afectar dalgunha maneira pois á poboación, é unha zona moi transitada como vostedes saben, por onde pasan, é dicir, coches, persoas, e todo tipo, e é unha casa que está nunha situación penosa, entón quero saber por parte do Alcalde como está situación si efectivamente eses son os tempos que se barallan e que pasos se van a dar a partir de agora con tempos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver, os tempos son os que legalmente se poidan establecer, estamos no tema de evitar todo o risco posible, e se non queda máis remedio que proceder ó derribo pois ser fará porque o que é prioritario e evitar o perigo, como é un perigo inminente se vai a proceder a evitar o perigo iso é o primeiro, e despois sen prexuízo de que se retome por enésima vez cos propietarios que quedan a cuestión para ver se se pode liberar de alí todo o escombros, porque o tiralo para dentro e que quede alí pois tampouco me parece moi prudente, porque aquilo despois vai ser un niño de ratas e de todo isto, entón todos saben que xa houbo un momento en que está aí, e os que estaban aquí antes o saben, non sei se estaban algún de vostedes que negociáramos ca propietaria para retirala pero despois ó longo quería que se rehabilitara, e claro non era posible rehabilitalo dende o punto de vista económico, porque non había diñeiro para rehabilitar aquilo que, que aquilo costa moito rehabilitalo, e quedou así a cousa por ese motivo, daquela se eliminara todo o que era perigoso, había alí un balcón que estaba caendo, vostede que había alí sábeo, se eliminou todo aquilo ata agora que volveu a aparecer, segundo parece que volve aparecer perigo.

A sra. González toma a palabra: Tempos, tempos. A casa está declarada xa ruína, canto tempo van tardar en retirar os elementos perigosos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Quere tomar a palabra Consuelo Vispo.



A sra. Vispo toma a palabra: Eu onte na asociación na reunión que tiveren levei un informe feito polo arquitecto, por Rapela, entón sabía que me ían a preguntar o tempo dende que se inicia o expediente ata que se pode demoler, Rapela díxome que o tempo exacto non o sabía, posiblemente de dous a tres meses, o que pasa é que alí tomouse nota de dous meses, eu despois desa reunión falei con Rapela, porque dixen mira isto é como eles dicían de apuntalalo por se hai algún problema ou posiblemente que poida caer ou unha texa, todo o que eles me dixeron trasladéillo a el, de feito dixon que hoxe á mañá se podía pasábase por alí para ver como se pode executar. Os prazos son os que hai o que non podemos dar é un tempo exacto porque a legalidade, hai que publicalo, teñen que ver se aparecen.

A sra. González toma a palabra: A ver, que a posibilidade de expropiación existe retirando os elementos que son perigosos, que son os que corren máis presa, despois habería que abrir un expediente de expropiación, porque hai propietarios descoñecidos, que posiblemente non estean nin aquí, pero teñen herdeiros ese é o problema, aquí son herdeiros, de herdeiros, de herdeiros, entón eu penso que a posibilidade máis viable nese sentido é a expropiación. Eu non sei exactamente as partes, eu sei que alí hai moita xente metida, maioritariamente desa familia, pero despois dos outros, os outros son moitos, ou somos, porque eu creo que teño algo alí tamén, creo que si, pero eu terei un cachiño dunha táboa, somos moitos. Eu cando me decides isto alárgase, pero canto anos levamos traendo aquí este tema, cantos anos, e que non foi o ano pasado, o que pasa é que non dades dado o paso para solucionalo, non o dades dado, estades agora neste momento por se pasa algo.

O sr. García toma a palabra: Xa tiñamos a empresa para levar a pedra, xa che chegara a un acordo

A sra. González toma a palabra: Eu unicamente quería saber iso, decides que aproximadamente dous, tres meses, polo menos os elementos máis tal. Ben outra cousa que saíu tamén alí e que tamén o BNG trouxo en numerosas ocasións aquí a este Pleno e é o tema da pista que está detrás da Roferta que pertence a fomento, que está nunhas condicións pésimas, leva así moitísimos anos, a escusa sempre é a mesma, non nos corresponde a nós, pertence a Fomento, entón que me corrixa Chelo, se non é así porque estaba ela alí tamén. Dende a asociación solicitábase que dende o Concello se inste a Fomento a que arranxe, ou ben se ofrezga o Concello a arranxala e Fomento seguramente non dirá que non, iso era o que dicían, o caso é arranxala porque alí a verdade no inverno é terrible aquilo como está.

O sr. Alcalde toma a palabra: Hai que facer un plan de pavimentación, presentalo a Fomento, ten que ser aprobado e todo iso.



A sra. González toma a palabra: Claro é que non é tan, pero é que o BNG trouxo este tema como en catro ou cinco ocasións ós Plenos dende que eu estou, e nunca se fixo absolutamente nada. Criterios para as subvencións ás asociacións de veciños, rogaríalles que me dixeran cales son.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pois segundo as actividades que fan.

A sra. González toma a palabra: Si, tamén pregunteino moitas veces xa, segundo as actividades.

O sr. Alcalde toma a palabra: Normalmente se lle subvenciona á maioría deles igual, practicamente igual, si son 1.500 € para a maioría deles.

A sra. González toma a palabra: Non, vostede non o sabe, tampouco o sabía dona Chelo onte, onte dona Chelo tampouco sabía cales eran os criterios, eu seino amiguismo, porque aquí mire

O sr. Alcalde toma a palabra: Subvenciónase a todos practicamente a todos, a todos.

A sra. González toma a palabra: Subvenciónase a todos, pero a uns máis e a outros menos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Dependerá do volume de xente que represente, depende das actividades que fagan.

A sra. González toma a palabra: Asociación de veciños de A Valenzá, presidente D. Eladio Fernández, e número de socios cero, asembleas realizadas cero, presidente el, vive no Concello non, subvención que levou 1.500 €, ano tras ano, 1.500 € denunciado polo BNG neste Pleno en numerosas ocasións, subvención 1.500 €; asociación de veciños de As Lamas, actividade, socios non sei agora mesmo cantos ten pero entorno a cen, cento e pico porque o pobo non é moi grande, ó mellor douscentos, ó mellor chega ós douscentos, actividades moitísimas, para todas as idades, subvención 500 €, a que menos diñeiro recibe de todas as asociacións de veciños, subvención do Fonsillón, 1000 €, e non fai moito máis que As Lamas, estou segura, porque entre outras cousas ten alí unha capela que lles quita sitio para facer actividades, entón por que As Lamas se lle da 500€, a asociación de veciños de A Valenzá.

O sr. Alcalde toma a palabra: Por actividades e por poboación e o que se fai habitualmente, e se fixo sempre.

A sra. González toma a palabra: A asociación de veciños de A Valenzá repito, presidente D. Eladio Fernández, socios cero, asembleas cero, actividades cero, subvención 1.500 €

O sr. Alcalde toma a palabra: El para darlle subvención presenta sempre xustificantes, senón non se lle da. Por exemplo se a de A Valenzá este ano non fai actividades, pois non levará nada.

A sra. González toma a palabra: E que actividades fixo o ano pasado.

O sr. Alcalde toma a palabra: Agora mesmo non o sei.



A sra. González toma a palabra: Pero resérvanse nos orzamentos a sabiendas de como está 1.500 € para esa asociación. Ben, por que non se contestan os escritos dos veciños ou das asociacións de veciños, por que non se contestan.

O sr. Alcalde toma a palabra: Contéstanse todos.

A sra. González toma a palabra: Nunca, entón contéstanse todos menos As Lamas, porque dona Chelo dixo onte que non se contestaban habitualmente porque cando se estaba facendo unha cousa xa non se contestan.

A sra. Vispo toma a palabra: Eu o que dixen é que cando se coloca un espello xa aparece posto, cando se fai un valado, ou calquera cousa.

O sr. Alcalde toma a palabra: Que mellor contestación que facer a obra.

A sra. Vispo toma a palabra: O que eu dixen foi iso, non dixen outra cousa, non poñas palabras que non dixen.

A sra. González toma a palabra: Ben, por que non se contestan ós escritos da asociación de veciños de As Lamas e a todas as demais si, menos a esa, ¿por que?

O sr. Alcalde toma a palabra: Nós contestámoslle a todo o mundo

A sra. González toma a palabra: Non, alí a presidenta e a vicepresidenta de asociación de veciños de As Lamas dixeron que a eles non se lle contestaban os escritos, e eu creos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Se piden que se faga algunha actuación, faise e xa se lles contesta con iso.

A sra. González toma a palabra: E se piden por exemplo criterios para as asociacións de veciños, ¿contéstaselle?

O sr. garcía toma a palabra: Eu non vin nada diso.

A sra. González toma a palabra: E cando se lle fan promesas e despois non se cumpren, tampouco se lles contesta porque non se cumpriron as promesas. Miren, á asociación de veciños de As Lamas, eu estiven na directiva nunca se lle contestou un escrito, ás outras asociacións dubído, e acaba de traer aquí Valcárcel un escrito dun grupo de veciños que non se lle contestou e que solicitaban que se lle contestase.

O sr. Alcalde toma a palabra: Porque está pendente de informar polos técnicos.

A sra. González toma a palabra: Canto se gastou no primeiro festival de drac queen.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non sei, saberá a Concelleira.



A sra. González toma a palabra: Non sabe tampouco, e que non saben nada. Vostedes están aquí cobrando un diñeiro e non saben nada. Canto custou

A sra. Carril toma a palabra (PP): ¿Ó Concello de Barbadás?, cero euros.

A sra. González toma a palabra: Entón, ¿quen o pagou?

A sra. Carril toma a palabra: Tivemos unha subvención da Deputación.

A sra. González toma a palabra: Da Deputación, ou sexa dun organismo público.

O sr. Alcalde toma a palabra: A subvención foi global non foi só para iso, para actividades culturais.

A sra. González toma a palabra: Actividades culturais, e vostedes decidiron que actividades culturais se realizaban con ese diñeiro.

O sr. Alcalde toma a palabra: O entroido, iso esta incluído dentro do entroido.

A sra. González toma a palabra: Entón, acaban de aprobar por unanimidade a moción de Rosalía de Castro que foi o 24 de febreiro un pouco despois do entroido, vostedes sabían que o 24 de febreiro era o día de Rosalía, porque o sabían, porque a non ser que se poñan os tapóns cando eu falo, o tiñan que saber porque o dixen aquí, aparte estaba aprobado por unanimidade, aparte vostedes teñen a responsabilidade de sabelo, simplemente porque están gobernando e están cobrando, varios de vostedes están cobrando un diñeiro por estar aquí gobernando, entón débeno de saber, o 24 de febreiro pouco despois do entroido foi o día de Rosalía, actividades culturais para Rosalía cero, drac queens si, entroido galego cero, entroido brasileiro 100%, aquí os criterios que se utilizan en cultura son desprezable.

O sr. Alcalde toma a palabra: A subvención non foi para o drac queen, foi para actividades culturais.

A sra. González toma a palabra: E logo quen decide as actividades culturais neste Concello, quen prioriza as actividades culturais deste Concello, quen toma as decisións, vostedes, polo tanto eu estou criticando a que están destinando o diñeiro vostedes.

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu estou matizando para que non se vaia a dicir o que non é.

A sra. González toma a palabra: Non, eu enténdoo perfectamente, eu só digo que para, que acaban de aprobar, e aprobaron o ano pasado unha moción sobre Rosalía de Castro para pór en valor a súa obra e a súa personalidade e a iso lle adican cero euros, e ó festival de drac queen lle dedican parte dunha subvención, pois moi ben. Vamos a ver, a nós estannos chegando actas a posteriori de que se celebren as actividades nas que hai unhas bases reguladoras dunha serie de actividades, xa solicitamos dende o BNG que nos chegaran as bases reguladoras antes de que celebrara a actividade e non



despois, de forma que nós, non con ánimo de crítica destrutiva, senón de crítica construtiva ou de poder aportar algo puidésemos colaborar dalgunha maneira para facer estas bases, porque vostedes fan as bases, a ver, bases do english camp, bases do excalestri, é que se adica o diñeiro a unhas cousas que eu de verdade, do excalestri, de non sei que, desas cousas que fan, chéganos sempre meses despois de que se teñan feito, e que non podemos facer nada, ven pasando dende hai uns anos. As bases deberían chegar antes de que se aproben, de forma de que nós puidéramos aportar algo, claro pero é antes fai uns anos eu recordo estar aquí en Plenos onde nós tiñamos acceso ás bases antes e podíamos presentar ou aportar determinados aspectos, despois de repente cando empezaron a cerrarnos a posibilidade de debate, que empezaron, houbo un antes e un despois, cando empezaron a cerrarnos a posibilidade de debate, efectivamente as bases apareceron feitas, aprobadas, e nos chegaban a nós a posteriori, entón o que se pide un pouco é que por democracia e por transparencia que se faga antes, que nos cheguen antes e que poidamos aportar algo, ou criticar se é criticable.

O sr. Valcárcel toma a palabra: A señora Vispo Seara acaba de recoñecer que despois da reunión onte cos veciños de As Lamas, chamou a funcionarios municipais, eu quero ter a lista dos teléfonos móbiles dos funcionarios municipais, pois si, porque eu tamén teño consultas que facerlle ós funcionarios municipais en fin de semana, cando me reúno cos veciños.

A sra. Vispo toma a palabra: A reunión un domingo non é normal nunha asociación, era un tema urxente que tiña unha prioridade para os veciños de As Lamas, el fíxome un informe técnico que eu, ademais díxeno onte que ó mellor non sabía explicar, el díxome como o faría contigo ou con calquera de nós, porque era un domingo.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 14:50 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO



CONCELLO DE BARBADÁS

